












# GAIÁS, CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

## MEMORIA 2019





XUNTA DE GALICIA

01
Remate da
Cidade da Cultura

02
Actividade Cultural

03
Emprender no Gaiás

04
Biblioteca de Galicia

05
Arquivo de Galicia

06
Eventos acollidos na
Cidade da Cultura

07
As Torres Hejduk:
O ‘faro’ do Gaiás

08
Comunidade Gaiás

# Gaiás, Cidade da Cultura de Galicia

A Cidade da Cultura preséntase como unha potente infraestrutura que ten por obxecto contribuír ao desenvolvemento social, cultural e económico de Galicia, e que opera nos eidos da cultura, a tecnoloxía e o emprendemento, ámbitos aos que se suma o medio ambiente co Bosque de Galicia, un dos grandes pulmóns verdes da franxa atlántica da comunidade.

O 2019 tivo como proxecto prioritario o inicio da construción do Fontán, edificio co que se rematará a Cidade da Cultura e que converterá o Gaiás nun dos referentes en España en estudos do patrimonio. O proxecto finalizarase en 2020 e estará operativo no Xacobeo 2021. Este exercicio estivo marcado tamén pola apertura da conexión coa AP-9, a principal vía de comunicación de Galicia, e coa posta a disposición do público do Xardín do Teatro.

O programa cultural continúa a incrementar o número de participantes, avanzando na idea dunha cidade para todos e todas e destaca a conexión co Xacobeo 21. De feito, en 2019 inaugurouse a primeira das tres grandes exposicións internacionais que prepara a Xunta con motivo deste evento: **Galicia, un relato no mundo**, que permitiu contemplar pezas de enorme transcendencia para a nosa cultura, como a Biblia Kennicott, o Libro das Invasións, a Santa de Asorey, entre outras moitas.

A aposta pola exhibición das nosas mellores expresións, un dos eixes da misión do Gaiás, abrangueu a artesanía, coa mostra **Pensar coas mans cestería, cerámica e xoiería de Galicia**, e o Museo Centro Gaiás abriuse por vez primeira a outras expresións coa exposición **Valor e mestría. Galicia como fútbol**, coa que se percorreu a historia deste deporte en Galicia.

Todo isto foi posible grazas á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, encargada da xestión do complexo do Gaiás. Ademais da Xunta de Galicia, están representadas na Fundación as seguintes empresas e entidades: Abanca, Afundación, Inditex, Inveravante, Naturgy, Fundación Barrié, Banco Sabadell, Coren, Campo, Gadisa, Grupo Nosa-Terra 21, Astilleros Barreras, R e Monbús.

# 2019 En cifras

**1.152.380**
VISITANTES EN 2019

**+5 M**
VISITANTES DESDE A APERTURA DA CIDADE DA CULTURA

**191.308**
PERSOAS ASISTENTES A ACTIVIDADES CULTURAIS

**129.004**
VISITANTES ÁS EXPOSICIÓNS DO MUSEO CENTRO GAIÁS

**22.145**
PERSOAS PARTICIPANTES NO PROGRAMA DE VISITAS COMENTADAS

**1.108**
GRUPOS

**14.652**
ESCOLARES

**+35**
EXPOSICIÓNS E ACTIVIDADES LÚDICAS E FORMATIVAS NA BIBLIOTECA E NO ARQUIVO DE GALICIA

**418**
EVENTOS ACOLLIDOS DE INSTITUCIÓNS E ENTIDADES PRIVADAS

**63.074**
PERSOAS ASISTENTES

**450**
PROXECTOS E EMPRESAS APOIADOS POLO CEM DESDE A SÚA APERTURA

**60**
ACTIVIDADES NO CENTRO DE EMPRENDEMENTO

**8.936**
PERSOAS ASISTENTES

**1.274**
NOVAS PERSOAS SOCIAS DO CLUB GAIÁS EN 2019

CLUB GAIÁS

**+4.700**
SOCIOS E SOCIAS DESDE A SÚA CREACIÓN

# 01

# Remate da Cidade da Cultura

O ano 2019 estivo marcado na Cidade da Cultura polo avance das **obras do Fontán** –o edificio co que se finalizará o proxecto arquitectónico e que estará rematado en 2020– e a **apertura ao público do Xardín do Teatro** –que transformou nunha gran area verde o baleiro deixado polo Teatro da Música–. Ao mesmo tempo, abriuse a conexión directa coa principal arteria de comunicación de Galicia, a **Autopista do Atlántico (AP-9)**, e comezaron a materializarse os proxectos para a reforma do Centro de Emprendemento –que acollerá o **Polo Gaiás Tech**– e da cafetería do Museo Centro Gaiás, dotando o complexo de mellores servizos para as persoas usuarias. A ampliación e acondicionamento de zonas verdes e outros espazos exteriores completan os traballos realizados ao longo deste ano.





# Edificio Fontán

O futuro Edificio Fontán virá culminar o complexo da Cidade da Cultura de Galicia, aproveitando a estrutura que inicialmente ía estar destinada ao Teatro da Música.

O proxecto nace para dar resposta a unha dobre necesidade, vinculada coa colaboración interuniversitaria e a investigación de excelencia. O espazo inacabado do Gaiás preséntase así como unha oportunidade tanto desde o punto de vista económico como de operatividade.

Ideado polo arquitecto Andrés Perea, responsable xunto á empresa EuroEstudios da redacción do proxecto e da dirección das obras da Cidade da Cultura, o Fontán caracterízase tanto na súa fachada como no seu deseño global pola súa integración cos edificios xa existentes no Gaiás. A nova estrutura procura un encaixe tanto en complicidade e entendemento co skyline do Gaiás, mais sen chegar a mimetizarse, apostando por unha autonomía formal e por unha construción moderna, sustentable e polivalente.

O edificio Fontán será a sede do Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT), organismo dependente CSIC que promove a investigación científica sobre o patrimonio cultural.

Ademais, o Fontán acollerá outros tres entes vinculados co Sistema Universitario de Galicia (SUG), dous deles de nova creación:

· **Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG):** entidade de nova creación que impulsa a colaboración entre as tres universidades galegas en materia organizativa, económica, técnica e administrativa.

· **Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG):** entidade xa existente coa misión de garantir a calidade do Sistema Universitario de Galicia.

·**Centro Investigación Sobre Patrimonio Cultural (CISPAC):** crearase un novo centro de investigación, o primeiro do SUG vinculado ás Ciencias Sociais e ás Humanidades.



## Datos do Edificio Fontán

IMPORTE ADXUDICACIÓN CONSTRUCIÓN DO EDIFICIO

**14,7 M€**

SUPERFICIE ÚTIL

**12.453 m$^2$**

ANO DE FINALIZACIÓN DA OBRA

**2020**

**Aforro**

Supón un importante aforro fronte á construción fóra da Cidade da Cultura.

**Optimizar servizos e recursos**

Pon á disposición da universidade os servizos, as subministracións e a excelente infraestrutura tecnolóxica de accesos da Cidade da Cultura.

**Contidos**

Aporta novos contidos para a CDC, desenvolvendo o seu plan director, ampliando a oferta e cubrindo necesidades presentes actualmente.

# INCIPIT

**— Aportación do CSIC á Xunta de 2,4 millóns de euros.**

**— O Incipit ocupará 2.271 metros cadrados.**

**— Ocupará o 20% da superficie útil.**

**— Ten un equipo de 50 investigadores.**






Decembro de 2018



Decembro de 2019

En 2019 as obras do edificio Fontán progresan visiblemente, avanzando nas fachadas e preparando os espazos baixo cuberta. Ademais, o proxecto inicial modifícase parcialmente tras a sinatura no mes de abril do convenio co Consello Superior de Investigacións Científicas, para que o Fontán acolla o Instituto de Ciencias do Patrimonio. A decisión de localizar o Incipit no Fontán, onde tamén está previsto o Centro Investigación Sobre Patrimonio Cultural (CISPAC), converterá o Gaiás nunha referencia en todo o Estado no eido de estudos do patrimonio.

O Incipit ocupará 2.271 metros cadrados, o que representa aproximadamente unha quinta parte da superficie útil do edificio. Polo uso destas instalacións, o CSIC achegará 2,4 millóns á Cidade da Cultura, ademais de asumir o custe anual dos gastos que xere o Incipit polo desenvolvemento da súa actividade.

# Centro de referencia en estudos do patrimonio

## Superficies no Fontán

**Total: 12.453 m²**

**ACSUG**
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario
484 m²

**CISPAC**
Centro de Investigación sobre Patrimonio Cultural
2.547 m²

**INCIPIT**
Instituto de Ciencias do Patrimonio
2.271 m²

**INSTALACIÓNS**
697 m²



**CISUG**
Consorcio Interuniversitario de Galicia
452 m²

**SISTEMAS XERAIS**
6.001 m²







- CISUG
- ACSUG
- CISPAC
- INCIPIT
- SISTEMAS XERAIS
- INSTALACIÓNS













# Apertura do Xardín do Teatro

A Cidade da Cultura abriu ao público o 18 de abril o Xardín do Teatro, o espazo verde co que culmina a transformación do baleiro deixado polo Teatro da Música, un dos dous edificios do Gaiás que non se chegaron a rematar. O deseño deste novo xardín, de 11.574 metros cadrados, baséase nas ideas de diversidade e universalidade, a través dunha escolla de especies procedentes de todos os continentes, complementando así ao Bosque de Galicia, que aposta polas árbores autóctonas.

A intervención financiouse a través dunha reestruturación dos orzamentos xa aprobados para a Cidade da Cultura, transferindo a esta actuación unha partida de 1,8 millóns de euros consignados á segunda fase da urbanización do complexo, polo que non tivo un custo adicional.

- 3.840 plantas e 187 árbores
- 30 especies procedentes de países como O Xapón, Nova Zelandia, a costa noroeste dos Estados Unidos ou a costa sur de Chile
- Anfiteatro ao aire libre con capacidade para preto de 400 persoas
- Equipamento para deportes urbanos como escalada ou skate
- Dous estanques
- Sendeiros e puntos de descanso
- Deseñado polo estudio RVR e a UTE Perea+Euroestudios

Na escolma das árbores, ademais do criterio xeográfico e de adecuación ao clima de Galicia, buscáronse especies que ofrecesen contrastes cromáticos atractivos na cor das follas nas distintas estacións. Todas son de folla caduca, con porte entre 15 e 25 metros e con forte coloración no outono, de xeito que os verdes da primavera mudarán en mesturas de vermellos, laranxas, amarelos, cobres ou púrpuras. Así, o visitante atopará pradairos, carpes, faias, lodoeiros, acacias, olmos, freixos, árbores do ferro, ademais de carballos, salgueiros, bidueiros ou ameneiros, entre outras variedades

# Apertura da conexión coa AP9

O 15 de febreiro de 2019 entrou en servizo o novo enlace da autopista AP-9 coa Cidade da Cultura de Galicia, unha nova infraestrutura que nace para permitir o acceso directo do Gaiás coa autoestrada do Atlántico, dotando así o complexo dunha mellor conexión rodada tanto coa contorna de Compostela como coas principais cidades e vilas galegas.

O novo acceso está deseñado para permitir todos os movementos entre a autoestrada e a cidade de Santiago, tanto en sentido norte como en sentido sur, complementando a recentemente inaugurada obra de ampliación da autoestrada, e facilitandoa súa conexión con algúns barrios de Compostela, como son os de Fontiñas, Sar e Concheiros.

Esta nova porta de entrada ao monte Gaiás completa os accesos rodados e reclama unha preocupación por esa nova cara, de xeito que os noiros contra a autoestrada se coidan coma un xardín natural, incorporándose ao conxunto e proporcionando un marco naturalizado á infraestrutura.






# Humanización dos espazos exteriores

Precisamente a carón da nova conexión coa AP-9 comezaron en 2019 as obras destinadas a transformar a enorme explanada de máis de 14.000 m2 ao leste do complexo nunha área multifuncional. Tras o remate dos traballos no primeiro semestre de 2020, este novo espazo permitirá acoller actividades para grandes grupos de usuarios.

No marco da urbanización e humanización do complexo rematáronse tamén os traballos de ampliación do espazo de aparcamento da Cidade da Cultura, coa apertura do Estacionamento nº6. Estes traballos incluíron a plantación de 54 árbores e 3.252 unidades de especies vivaces e a creación de 100 novas prazas de aparcamento. Elévase así a 740 o total de prazas para turismos en todo o complexo (das cales 11 son para condutores con mobilidade reducida), ademais de contar con 56 prazas para autobuses e áreas específicas para motos e bicicletas distribuídas nos diferentes módulos de aparcamento.



# Optimización dos espazos interiores

As operacións de habilitación de espazos interiores nos edificios do Gaiás continuaron en 2019 coa vista posta na mellora das dotacións do complexo e dos servizos para as persoas usuarias e visitantes.

## Reestruturación do CEM



En 2019 elaborouse e licitouse o proxecto de reforma que implicará a reestruturación e renovación do interior do Centro de Emprendemento, que pasará a acoller tamén o Polo Gaiás Tech, un espazo de demostración e experimentación en tecnoloxías disruptivas, que ofrecerá ao ecosistema dixital galego unha ampla carteira de servizos para facilitar o seu posicionamento nas tendencias tecnolóxicas da vindeira década.

O centro, cuxa licitación se publicou en outubro de 2019, é froito dun convenio entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Consellería de Cultura e Turismo, que suman un investimento de preto de 2 millóns de euros para a remodelación de ao redor de 1.500 metros cadrados do Centro de Emprendemento, a dotación de equipamento e a súa xestión.

## CPDI da Xunta de Galicia no CINC



O equipamento estratéxico do soporte da administración autonómica –o CPDI da Xunta de Galicia–, aloxado no Edificio CINC, recibe ademais unha forte inversión para a súa ampliación na segunda fase, reforzando o papel da Cidade da Cultura como eixe central da proxección futura deste servizo.

## Cafetería-restaurante Museo Centro Gaiás

Acometeuse unha reforma interior da cafetería do Museo Centro Gaiás, dirixida a dotar o edificio dun novo servizo de restaurante que incremente a oferta gastronómica do complexo. Esta ampliación do servizo obedece á necesidade de atender o aumento de traballadores na Cidade da Cultura –que superan xa as 600 persoas– así como a afluencia de visitantes.









# Áreas verdes e novos espazos infantís

O deseño dos espazos verdes no exterior do Gaiás complétase xunguindo circulacións peonís e facendo accesible –e máis presente– a zona de lecer infantil, que se prolonga cara as campas do cumio do Gaiás cunha nova área de xogos con grandes tobogáns.

Para finalizar o conxunto, proxéctanse as obras da terceira fase do Bosque de Galicia, que finalizarán en 2020 dando forma en espazos deportivos e de lecer aos grandes amoreamentos de material que pechan a cara superior do monte na faldra sur.







## Iluminación exterior de Nadal

Os espazos exteriores recibiron unha nova iluminación de Nadal que, inspirada nun ceo cargado de estrelas, guía ás persoas visitantes a través do complexo. Para isto, incorporáronse unha serie de estruturas metálicas  que axudan a debuxar as rúas con só un flanco de edificios. O Bosque de Galicia incorpora tamén unha serie de elementos luminosos de xeito que Gaiás aparece na noite compostelá tamén coma unha nova porta iluminada.

# 02

# Actividade Cultural

A Cidade da Cultura de Galicia organizou en 2019 un total de **186 actividades** culturais ás que asistiron **191.308 persoas**. Exposicións, espectáculos de música, teatro, danza, unha ampla oferta para público familiar, encontros de artistas emerxentes, conferencias, seminarios... conforman un programa que superou os espazos do interior Museo e do resto dos edificios para encher de vida as áreas verdes.





# 02.01

# Exposicións e intervencións artísticas



## Castelao Maxistral. A boa obra ao mestre honra

**DATAS:** do 5 de outubro 2018 ao 3 de marzo 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás
**ASISTENTES:** 17.987 ano 2019. 40.295 en total
**COMISARÍA:** Miguel Anxo Seixas
**COLABORA:** Centro Galicia de Buenos Aires
Embaixada de España en Arxentina
**CATÁLOGO:** 183 páxinas. **Textos de** Miguel Anxo Seixas Seoane, Lourenzo Fernández Prieto, Xose Manuel Cid Fernández e Antón Costa Rico // **Deseño e maquetación:** Pepe Barro // Edición trilingüe galego-castelán-inglés.

O 5 de outubro inaugurouse no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura **Castelao maxistral**, unha homenaxe ao papel dos mestres e mestras de Galicia e ao importante labor que fixeron —nunha época (1900 -1936) de gran precariedade de medios no ensino e sen material pedagóxico— para intentar mudar esta situación e acadar unha maior alfabetización da poboación e, sobre todo, que as clases sociais máis desfavorecidas tiveran tamén acceso á educación, e en galego. Deste xeito, este proxecto expositivo — comisariado polo historiador e vicepresidente da Fundación Castelao, Miguel Anxo Seixas Seoane— centrouse, por unha banda, en recrear a situación do ensino en Galicia nesa época —principios do século XX ata 1936— e por outra, en pór en valor os avances que se realizaron grazas ao esforzo e implicación persoal enorme destes docentes para asentar as bases da educación pública tal e como hoxe a coñecemos, cunha transformación con ideas pedagóxicas renovadoras que se viu truncada co estoupido da Guerra Civil.

O eixe desta mostra foi a exposición, por primeira vez en Galicia, da simbólica pintura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, *A derradeira leición do mestre* (1945), e elixiuse a Cidade da Cultura de Galicia como sede. Esta obra consérvase no Centro Galicia de Buenos Aires, cidade na que foi realizada polo autor, e nunca ata agora tiña saído desta institución. A pintura, de dous metros de altura, baséase na estampa n.º 6 do libro *Galicia mártir* publicado por Castelao en 1937. O tema é o do mestre asasinado na Guerra Civil española ante uns nenos que se laian conmocionados.
Unha escena tráxica chea de tristeza e denuncia. As descricións desta obra apuntaron o paralelismo entre o fusilamento do mestre e o do seu amigo, o intelectual Alexandre Bóveda, o 17 de agosto de 1936. **Castelao maxistral** recolleu este testemuño e contextualizou a situación do ensino en Galicia en tempos da República e incidiu na importante tarefa e o grande interese de Castelao a prol dunha educación: libre, universal e en galego, da que foi un acérrimo defensor. Precisamente, débese salientar que **Castelao maxistral** é o primeiro proxecto expositivo que recolle todos os debuxos (40) que o artista de Rianxo lle dedicou ao ensino obrigatorio, que na época era ata os 9 anos de idade.
Este relato de homenaxe aos mestres e mestras de **Castelao maxistral** estruturouse en tres eixos temáticos: a escola da época, o vínculo de Castelao coa docencia, e o cadro ao redor do que xira todo o proxecto expositivo, *A derradeira leición do mestre*.








# Castelao e Prada. Irmaus! Exhibición de *A Derradeira Leición do Mestre* en Ourense



**DATAS:** do 7 de marzo ao 7 de abril 2019
**ESPAZO:** Sala de Recepción e Protocolo do Pazo Provincial. Ourense
**ASISTENTES:** 7.000 persoas
**ORGANIZA:** Deputación Provincial de Ourense
**COLABORA:** Centro Galicia de Buenos Aires
Embaixada de España en Arxentina

Tralo éxito da exposición **Castelao maxistral. A boa obra ao mestre honra** no Museo Centro Gaiás, o icónico lenzo de Castelao expúxose en Ourense grazas ao acordo entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, o Centro Galicia de Buenos Aires e a Deputación Provincial de Ourense. Esta colaboración fixo que o cadro formase parte das actividades e exposicións que se realizaron na cidade das Burgas baixo a denominación de **Castelao e Prada. Irmaus!**. A exposición rendeu homenaxe tanto a Castelao como ao tamén ilustre galeguista Rodolfo Prada Chamochín, cuxas cinsas están depositadas no lugar no que se exhibiu o cadro e de quen se di que foi o seu impulsor ademais de albacea testamentario de Castelao.







# Valor e mestría. Galicia como fútbol

**DATAS:** do 15 de febrero ao 1 de setembro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar 2
**ASISTENTES:** 36.880 persoas
**COMISARÍA:** Xosé Antón Castro Fernández
Rubén Ventureira Novo
**COLABORA:** Real Federación Galega de Fútbol
LaLiga Santande
**CATÁLOGO:** Tirada de 1.000 exemplares. 240 páxinas. **Textos de** Rubén Ventureira, Juan Carlos Álvarez, Carlos Miranda, Jorge Deza, Arturo Lezcano, Juan L. Cudeiro, Alex Centeno e Cristina López Villar. // **Deseño:** David Carballal // Edición bilingüe galego-castelán.

**Valor e mestría. Galicia como fútbol** foi a exposición máis ambiciosa sobre o fenómeno do fútbol na nosa comunidade, tanto en percorrido histórico como en número de pezas: 300. A mostra arrancaba en 1876, ano no que se data a primeira referencia o xogo do foot-ball en Galicia —e que algúns historiadores consideran que tamén en España— ata o gol do celtista Iago Aspas no recente Mundial de Rusia. Ao longo destes 143 anos o fútbol galego foi protagonista de numerosos momentos estelares. Así, a escolma de pezas desta exposición devolveunos as xestas de equipos como o Racing subcampión da Copa de España, o Pontevedra do Hai que roelo, o Súper Dépor ou do Celta que brillou en Europa; de adestradores como Moncho Encinas, Arsenio Iglesias ou Carriega; e de xogadores como os olímpicos galegos de 1920, Luis Suárez, Amancio, Marcelino, Fran, Borja Oubiña, Iago Aspas, Lucas Vázquez ou Lucas Pérez; ou da nosa futbolista máis internacional, Verónica Boquete, o nome máis representativo da explosión que está a vivir o fútbol feminino galego e que tivo á porteira Irene como pioneira a principios do século pasado. O nome do título da exposición vén da descrición que deste deporte fixo o intelectual e escritor ourensán Eduardo Blanco Amor, mentres que a imaxe gráfica principal da mostra tamén é autoría doutro artista ourensán, Antón Pulido. Ao ser a primeira vez que se celebraba unha exposición destas características obrigou a un inxente traballo de recompilación de datos, documentación e pezas.

# Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia

**DATAS:** do 12 de abril ao 8 de setembro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar 1
**ASISTENTES:** 29.643 persoas
**COMISARÍA:** Véronica Santos Farto
**INTERVENCIÓN ESPECIAL:** Izaskun Chinchilla
**COLABORA:** Fundación Artesanía de Galicia
**CATÁLOGO:** Tirada de 800 exemplares. 526 páxinas. **Textos de** Verónica Santos Farto, Belén Sáenz-Chas , María García-Alén, Fernando Martínez Vilanova e Izaskun Chinchilla // **Deseño:** Desescribir // **Fotografía:** Jesús Madriñán // Edición bilingüe galego-castelán con separata en inglés.

O Museo Centro Gaiás propuxo unha viaxe no tempo pola artesanía de Galicia, da actualidade ás orixes. Un percorrido a través de 250 pezas e da colaboración de 65 artesáns, que converteu **Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia** na mostra máis ambiciosa ao redor destas expresións, que forman parte do noso patrimonio cultural. Tratouse dunha exposición que permitiu contemplar a evolución e pervivencia da tradición nas tres especialidades históricas que están na cerna do noso sinal de identidade: cestería, cerámica e xoiería. A mostra, comisariada por Verónica Santos, contou cun orixinal e artístico formato expositivo, deseñado pola prestixiosa arquitecta Izaskun Chinchilla, que ofreceu a versatilidade requirida para unha exposición que foi tamén marco de obradoiros, charlas-taller, demostracións artesanais, proxeccións audiovisuais e visitas didácticas. A viaxe ao pasado destas tres artesanías chegou ata a Prehistoria, con achados e pezas nos que se amosaron tamén as creacións e tendencias desde a Idade Media ao Barroco, aínda que esta mostra prestoulles especial atención ás creacións tradicionais e contemporáneas en cestería, cerámica e xoiería, co obxectivo de amosar a súa rica e prolífica tipoloxía.















# Plástico a mareas. Intervención de María Arceo nas Torres Hejduk

**DATAS:** do 5 de xuño ao 18 de agosto de 2019
**ESPAZO:** Torres Hejduk
**ASISTENTES:** Inaguración 70 persoas
**ARTISTA:** María Arceo
**PATROCINA:** Viaqua

Con motivo da celebración do Día Internacional do Medio Ambiente (5 de xuño) as Torres Hejduk da Cidade da Cultura de Galicia acolleron a intervención artística **Plástico a mareas** de María Arceo, compostelá residente en Londres desde 1984, onde se graduou en Belas Artes na Escola de Arte de Camberwell e máis tarde cun Posgrao en Arte e Educación do Deseño da Universidade de Goldsmith. As súas obras sempre teñen unha forte carga de denuncia dos danos medioambientais que está a provocar o exceso de lixo e residuos que xera a sociedade actual.

Precisamente, **Plástico a mareas** foi unha intervención, co patrocinio de Viaqua, para alertar da destrución ambiental polo desmedido consumo de plástico e advertir dos graves riscos de contaminación do medio, e sobre todo dos fondos mariños.

Neste caso, María Arceo empregou para a súa intervención refugallos de plástico recollidos no litoral da costa galega. O obxectivo foi recrear nas Torres Hejduk —espazo da Cidade da Cultura destinado a instalacións artísticas— unha experiencia de percepción multisensorial, de carácter inmersivo, coa intención de provocar fisicamente os e as asistentes; transportalos ao mesmo fondo do océano e, desa maneira, proporcionarlles a oportunidade de visualizar e percibir a través de cheiros, sons e luces, non só os problemas que a presenza de plásticos xera na auga, senón que, finalmente, se consiga estimular e espertar hábitos de consumo responsable.

# Stay here. Alejandro Ginés

**DATAS:** do 29 de agosto ao 15 de decembro de 2019
**ESPAZO:** Torres Hejduk
**ASISTENTES:** Inaguración 70 persoas
**ARTISTA:** Alejandro Ginés. Seleccionado no VI Concurso de intervencións artísticas entre os participantes no EAN 2018
**PATROCINA:** Fundación Sabadell

O proxecto **Stay here**, do sevillano Alejandro Ginés, resultou gañador do VI Concurso de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk, convocado entre os e as participantes do **Encontro de Artistas Novos (EAN) 2018.** Trátase dunha peza escultórica, a modo de torre coroada por unha cadeira pregada, que converte as edificacións ideadas por John Hejduk nunha especie de enxeñosa matrioska, que convida á participación de quen a ve, tanto no seu posible manexo como nas súas múltiples lecturas. **Stay here** levouse a cabo na Torre Hejduk de cristal, mentres que na opaca estivo exposta, sobre unha base alzada, a maqueta da obra a escala 1:10. O xurado valorou á hora de elixir este proxecto a presenza do cinético e o cotián para suxerir novas olladas e evocacións por parte de Alejandro Ginés. Precisamente, o funcionamento cinético da peza describe a súa natureza. Deste xeito, a partir del pódense facer múltiples lecturas que, segundo explica o seu autor, gardan un paralelismo co comportamento da sociedade. Dita estrutura divídense en tres niveis que, á súa vez, se atopan ocultos por lamas de madeira que impiden ver a primeira vista o mecanismo de acceso á cadeira. Así, o primeiro chanzo atópase na base da torre e cumpre a función de acceso aos niveis superiores. Aínda sendo o nivel de acceso, só en certas condicións poderá cumprir dita función. O segundo nivel esconde o mecanismo e modo de acceso ao paso superior. Funciona como ligazón e zona de tránsito ao cumio da torre. Mentres, o terceiro e último chanzo no cumio é un punto a priori inaccesible, no cal só pode permanecer unha persoa e no que se atopa a cadeira pregada e que é o punto máis alto da peza. O mecanismo que permite o acceso ao cumio da torre, baséase nunha escaleira de dous corpos. Este mecanismo forma parte das patas dianteiras da cadeira pregada e apóiase oculto sobre un dos extremos do segundo nivel. Cando a cadeira se atopa aberta, o mecanismo permanece oculto. Mais se se decide pechar a cadeira, a escaleira pregada —que forma parte das patas dianteiras— deslizarase por propia gravidade cara ao primeiro nivel. Só nese momento o primeiro e terceiro nivel atópanse conectados, permitindo que un novo individuo ocupe a cima. Todo un artefacto cinético que convidou á reflexión sobre o senso do seu uso e tamén a outras lecturas, que conectan co paralelismo do comportamento da sociedade e coas posibles interpretacións e lecturas das relacións de poder, ambición ou estatus social.














# Argallar. Exposición para xogar coa arquitectura

**DATAS:** do 13 de setembro ao 10 de novembro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar 3
**ASISTENTES:** 14.421 persoas
**COLABORA:** COAG. Proxecto Terra. Alberto Fortes, Asociación Ludantia, Educación en Arquitectura para a Infancia e a Mocidade.

Un mundo por construír e deconstruír con posibilidades infinitas e ilimitadas, a través do xogo e polo xogo, foi a proposta presentada por Fermín Blanco e Alberto Fortes, que ofreceu ás e aos visitantes a exposición **Argallar**. A mostra funcionou como un grande artefacto de compendio de xogos a partir da arquitectura e a partir dun concepto: os espazos de relación xerados a través do xogo. Os visitantes xogando foron a exposición en si, o xogo foi o que construíu este espazo, propiciando e incorporando múltiples variantes, xerando autonomía, liberdade e lugares de relación entre os seus xogadores. Para iso, creáronse diferentes zonas de xogo, dentro dun mesmo paisaxe, onde as accións se superpuxeron e cohabitaron.

Coma se dun gran xoguete se tratase, **Argallar** procurou estimular a imaxinación dos visitantes, sen tentar dar un final ao xogo, senón múltiples continuacións. O carácter dos espazos arquitectónicos destinados á exposición, reforzou a idea da proposta.

**Argallar,** cos seus xogos de construción de carácter xeométrico, foi unha experiencia amena para persoas de todas as idades. Ofreceu un espazo onde desenvolver as accións, gozar dun tipo de xogo, para cada posibilidade e conveniencia. Tratouse, en definitiva, de ofrecerlles ás familias, pero sobre todo á cativada un tempo no que conxugar habilidade e diversión a través dos enxeñosos dispositivos lúdicos que se espallaron polas salas.







# Reb/veladas na paisaxe II

**DATAS:** do 19 de setembrode 2019  ao 5 de xaneiro de 2020
**ESPAZO:** Xardín Literario e Bosque de Galicia
PROGRAMACIÓN XACOBEO 21

CONSTELACIÓNS II // Comisaria: Monserrat Pis Marcos // Artista: Clara Montoya
(RE)PRODUCCIÓNS (ENTRE O ERRO E A VERDADE) // Comisaria: Sara Donoso // Artista: Pablo Barreiro
DEIXA OS TEUS MEDOS AQUÍ // Comisaria: Paula Cabaleiro // Artista: Alicia Framis

**Reb/veladas na paisaxe** é un proxecto de intervención artística no que convidamos a tres comisarias a traballar nos espazos naturais da Cidade da Cultura de Galicia propondo  a tres artistas para que realicen una intervención específica. Estas intervencións forman parte da programación do Xacobeo 21 xa que
**Reb/veladas na paisaxe 2019** explorou a relación do Gaiás co Camiño de Santiago a través da chegada da vía da prata pola calzada do Sar. Neste contexto, as tres intervencións propostas para esta segunda  edición, localizadas na aba Oeste do Bosque de Galicia, buscaron o diálogo físico e visual co Camiño de Santiago, a catedral e a Cidade histórica de Compostela, meta e destino da peregrinación.










# Galicia, un relato no mundo

**DATAS:** do 8 de novembro de 2019 ao 12 de abril de 2020
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar 1 e 2
**ASISTENTES:** 21.767 persoas (a 31 de decembro de 2019)
**COMISARÍA:** Manuel Gago
**COLABORA:** Consello da Cultura Galega
Secretaría Xeral da Emigración
Fundación HispanoJudia
**PATROCINA:** Gadis
Estrella Galicia
**CATÁLOGO:** Tirada de 1.000 exemplares. 304 páxinas. **Textos de** Manuel Gago Mariño, Robert MacFarlane, Nelida Piñón Fernando Pereira, Irene García, José Miguel Andrade, Emilio Grandío, Xulio Ríos, Beatriz Comendador, Henrique Monteagudo, Ramón Villares, Alfredo Vigo, Rafael Rodríguez, José Manuel Costa, Juan Manuel Monterroso, Manuela Sáez, Manuel Vicente, María del Carmen Saavedra, Pilar Cagiao Vila, Santiago Riveiro e Ana Bulnes. // **Deseño:** EKINOCIO // Edición bilingüe galego-castelán con separata en inglés.

PROGRAMACIÓN XACOBEO 21

**Galicia, un relato no mundo** foi a grande aposta expositiva da Cidade da Cultura para o ano 2019 coa finalidade de afondar no relato de Galicia na era global, ocupando as dúas primeiras plantas do Museo Centro Gaiás. Na exposición o seu comisario propuxo un percorrido por máis de catro mil anos dun territorio chamado Galicia e a súa participación nas grandes dinámicas da Historia universal. A exposición dividiuse en dous grandes bloques, un sobre mitos e historias e outro sobre memorias e vidas. A través desta proposta exploramos a interacción entre o territorio histórico galego e o resto do mundo nun percorrido desde a prehistoria ata a actualidade. Concibida como a primeira de tres grandes exposicións da Xunta con motivo do Xacobeo 2021, centrouse nas relacións internacionais de Galicia e a súa presenza no mundo. No marco da exposición chegaron por vez primeira a Galicia destacadas pezas de alto valor simbólico para a historia e a cultura do noso país e que se atopan en prestixiosas coleccións museísticas en distintos recantos do mundo. O público galego tivo así a oportunidade única de contemplar nunha mesma mostra obras chegadas de institucións de referencia como a Biblioteca Bodleian da Universidade de Oxford, Cambridge University- Parker Library, a Biblioteca Apostólica Vaticana, a Biblioteca de Arezzo en Italia ou o Museu Nacional de Arqueologia de Portugal.

# 02.02
# Música e Escena





## Real Filharmonía de Galicia. Os camiños de Castelao

**DATAS:** 17 de xaneiro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar -1
**ASISTENTES:** 380 persoas
**DIRECTOR:** Paul Daniel
**VIOLÍN:** Grigori Nedobora
**CONCERTINO:** James Dahlgren

Como actividade complementaria da exposición **Castelao maxistral** programouse este concerto da RFG que levou por título **Os camiños de Castelao** e que se baseou nunha escolma de temas representativos dos diferentes países que marcaron a vida de Castelao, realizada 'ex profeso' polo director titular e artístico da formación, Paul Daniel. Deste xeito, e a través do repertorio escollido, os e as asistentes fixeron no Museo Centro Gaiás un percorrido vital do periplo do artista galego desde Rusia, Cuba, os Estados Unidos de América e ata o exilio definitivo en Buenos Aires, a través de pezas de E. W. Korngold, Stravinsky ou Piazzolla, entre outros compositores. En 1938, o intelectual galego realizou unha viaxe á extinguida URSS e, máis tarde, aos Estados Unidos de América e tamén a Cuba. Durante a súa presenza na illa caribeña, Castelao participou activamente nas eleccións do Centro Galego da Habana. A derrota republicana condenouno ao exilio, asentándose en Nova York, primeiro, onde publicou o álbum *Milicianos* e, posterior e definitivamente, en Buenos Aires (A Arxentina), onde chegou a estrear a súa peza teatral *Os vellos non deben de namorarse*.

PROGRAMA:

I.
- E. W. Korngold: Much Ado About Nothing, op. 11 (suite)
- M. Quiroga: Alborada (Orquestración Paul Daniel) Danza arxentina (Orquestración Paul Daniel) Emigrantes celtas (Orquestración Paul Daniel) Himno
- D. Milhaud: Le creation du monde, op. 81

II.
- I. Stravinsky: Suite Pulcinella (rev 1949)
- A. Piazzolla: Libertango tango





# Escenas do Cambio 2019. Festival de inverno de teatro, danza e arte en acción

**DATAS:** do 7 ao 16 de febreiro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás, Biblioteca de Galicia, Museo do Pobo Galego, Teatro Principal, Salón Teatro
**COLABORACIÓNS:** NAEM, Concello de Santiago, Centro Dramático Galego AGADIC, Museo do Pobo Galego, Instituto Camoes
**ASISTENTES:** 1.758 persoas
**NÚMERO DE ACTIVIDADES:** 19
**DIRECTOR:** Pablo Fidalgo Lareo

O Festival de inverno de teatro, danza e arte en acción **Escenas do cambio**, chegou neste 2019 á súa quinta edición. Durante dez días as propostas máis innovadoras e arriscadas das creacións da vangarda internacional puideron verse en Santiago—Vera Mantero, Ligia Lewis, Tino Sehgal, María Salgado & Fran MM Cabeza de Vaca, François Chaignaud, Marco Berrettini e MOTUS—; tamén da creación española —Esther Ferrer e Isidoro Valcárcel— e como non, da galega coa participación de Tito Asorey e Melania Creu, Borja Anido e Diego Fernández ou Celso Sanmartín.

PROGRAMA

7 FEBRERO
15.30 Obradoiro con Isidoro Valcárcel Medina
18:00 Os voy a contar mi vida. Esther Ferrer
19:00 Empapelado amarelo. A quinta do cuadrante
20:30 Tres solos. Vera Mantero

8 FEBRERO
12.00 Encontro de Esther Ferrer co alumnado da USC
15.30 Obradoiro con Isidoro Valcárcel Medina
18.00 Spanberguianismo. Presentación do libro por parte de Alejandra Pombo
19.00 Preguntas con respostas. Esther Ferrer
20:30 Jinete Último Reino. Fragmento 3. María Salgado e Fran MM Cabeza de Vaca

9 FEBRERO
15.30 Obradoiro con Isidoro Valcárcel Medina
18.00 A casa vella. Presentación novo proxecto de Nuria Sotelo e Cris Sánchez
19.00 Dummy moyi. François Chaignaud.
20:30 A cama do meu avó Manuel Sanmartín Méndez. Celso Fernández Sanmartín

10 FEBRERO
15.30 Obradoiro con Isidoro Valcárcel Medina
12.30 Ifeel4. Marco Berrettini
19.00 O inevitable. Colectivo Marciano Balboa
20.30 MDLSX. Motus

11 FEBRERO
19.00 Subida en tres actos. Performance de Isidoro Valcárcel
20.00 Encontro de Isidoro Valcárcel con Juan de Nieves.

14 FEBRERO
20.30 Trigger of happiness. Ana Borralho e Joao Galante

15 FEBRERO
20.30 Tutuguri. Flora Detraz
21.10 Loie Fuller: Research. Ola Maciejewska
22.15 Chroma(35'). Alessabdro Sciarroni

16 FEBRERO
19.00 Sans titre (2000). Tino Sehgal
20.30 Minor Matter. Ligia Lewis







# Orquestra de Cámara Galega. Concerto de clausura da exposición *Castelao maxistral*

**DATAS:** 1 de marzo de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás, andar -1
**ASISTENTES:** 400 persoas
**DIRECTOR CONCERTINO:** Rogelio Groba
**CLARINETE SOLISTA:** Spyros Fakiolas

A Cidade da Cultura de Galicia despediu cun concerto especial da Orquestra de Cámara Galega a exposición **Castelao maxistral. A boa obra ao mestre honra**. Deste xeito, culminouse un extenso e variado programa de actividades co que se dinamizou e arroupou unha mostra que espertou grande interese de público —cunha media nas últimas semanas de 400 persoas diarias— e tamén da comunidade educativa, superando os 8.000 escolares que se achegaron a ver non só o oleo icónico co que Castelao quixo homenaxear o seu amigo e intelectual galeguista Alexandre Bóveda, asasinado en 1936, senón todos os debuxos (40) que o artista de Rianxo lle dedicou ao ensino obrigatorio, que na época era ata os 9 anos de idade.

**PROGRAMA**

Haendel: Passacaglia
Andrés Gaos: Canon
Rogelio Groba: Carpe diem. Estrea Mundial
I. Abrente
II. Muller muxica
III. O fastuoso
IV. O trouleiro
Astor Piazolla: Oblivion. Spyros Fakiolas, clarinete
Rogelio Groba: Alba de Gloria
II. Na Catedral
Astor Piazolla: Libertango
Juan Montes: Negra Sombra. Arr. Rogelio Groba

# Gustavo Almeida.
# Presentación de *Vértice* para celebrar o Día do Libro

**DATAS:** 26 de abril de 2019
**ESPAZO:** Biblioteca e Aquivo de Galicia, Auditorio Neira Vilas
**ASISTENTES:** 79 persoas

A Cidade da Cultura celebrou, dentro do programa de actividades da Dirección Xeral de Políticas Culturais para conmemorar o Día do Libro (23 de abril), un concerto de Gustavo Almeida, cantautor brasileiro que leva 20 anos en Galicia.

Almeida sacaou en 2019 novo traballo, *Vértice*, o cuarto da súa carreira, onde ofrece unha mestura entre a cultura brasileira e a española con fusión de estilos. As súas raíces cariocas están presentes sempre a través de melodías, harmonías e textos, pero tamén supón un punto de inflexión xa que, nesta ocasión, mestúranse estilos coma o pop, o funk ou a canción de autor. *Vértice* chega da man dun dos produtores máis respectados e valorados da escena musical española: o valenciano Nacho Mañó, integrante de Presuntos Implicados e produtor dalgúns dos máis memorables discos de Alejandro Sanz, Nena Pastori, Revólver, Lolita, Armando Manzanero e, claro, Presuntos Implicados, entre outros.

O artista interpretou estes temas, acompañado pola súa banda, no Auditorio Neira Vilas da Biblioteca de Galicia. Precisamente un deles, *Foi de repente*, estivo prenomeado na última edición dos Grammy latinos na categoría 'Gravación do ano'.

A biografía de Almeida reflicte un cantautor atípico. Chegou a Galicia a mediados da década dos 80 como futbolista do Real Club Celta de Vigo. Pero finalmente a súa vea artística levouno a ser un dos referentes musicais dos escenarios galegos.



# Os Resentidos. Día Europeo da Música

**DATAS:** 21 de xuño de 2019
**ESPAZO:** Praza Central
**ASISTENTES:** 600 persoas

Os Resentidos teñen no seu haber un currículo de máis 30 anos de carreira musical que lles deron para publicar sete LPs, un EP compartido con Siniestro Total, un recompilatorio e conseguir o fito de situar como gran hit en España un tema en galego, *Fai un sol de carallo*, nunha época (1986) en que eran moi poucos grupos en Galicia que cantaban no noso idioma. Por este motivo, esta formación —incluída na coñecida como a 'movida viguesa'— converteuse nun referente para as novas xeracións de músicos do país e un dos grupos máis célebres fóra de Galicia, ata o punto de que *Fai un sol de carallo* foi un dos dous únicos discos en galego —xunto a *Me llamo Andrés do Barro Lapique*, de Andrés do Barro— incluídos no libro *201 discos para engancharse al pop/rock español*, de Tito Lesende e Fernando Neira. E por este motivo tamén foron a banda escollida para celebrar o **Día da Música** na Cidade da Cultura e dar con isto o xa tradicional tiro de saída para a programación de **Verán no Gaiás** deste 2019.


















# Atardecer no Gaiás

**DATAS:** Xoves, venres e sábados do 4 de xullo ao 17 de agosto de 2019
**ESPAZO:**Praza Central da Cidade da Cultura
**ASISTENTES:** 10.010 persoas
**PATROCINA:** Cervezas Alhambra.

**Atardecer no Gaiás,** unha das citas consolidadas da época estival, ofreceu neste 2019 un total de 20 concertos ao aire libre e ao caer o sol. O seu cartel sempre xera expectación para estar ao día da actualidade musical tanto internacional como galega, que conta cun peso relevante e de estilos variados. Deste xeito, puidemos escoitar enriba do Escenario Cervezas Alhambra o traballo de excepcional calidade que se está a facer en Galicia no eido da música, con artistas como De Vacas, coas súas divertidas e corrosivas versións, ou Agoraphobia, que contan cun recoñecemento unánime pola crítica especializada e que fai que nos últimos anos estean nos carteis de festivais de toda España. Este ciclo trouxo á Praza Central do Gaiás artistas do eido nacional que tamén están a triunfar, como é o caso de Cecilia Krull, que abriu o ciclo. O jazz desta madrileña, compositora e intérprete valeulle ter acadado 'Discos de Ouro' en Francia e 'Platino' en Italia, onde os seus temas teñen liderado as listas das súas emisoras.

No eido internacional, puidemos brincar cos ritmos de Miss Bolivia, cantante arxentina de hip hop e cumbia comprometida na súa vida cotiá coa loita feminista, que tamén traslada ás súas letras. Unha escolma, a desta edición, que volveu confirmar a aposta do ciclo polas voces femininas, como as potentes Kumbia Queers da Arxentina, e tamén por xéneros emerxentes con éxito entre a xeracións máis novas, como o trap ou a cumbia (Kumbia Boruka). Neste cartel non se esquecen estilos xa imprescindibles neste ciclo ao solpor como son o indie (Floridablanca ou Monterrosa), o pop ou o rock, no que sempre hai unha fiestra aberta para grupos galegos emerxentes, como os lucenses Berta Franklin, a formación de Tui Best Boy ou os composteláns Malraio.

**PROGRAMA**

XULLO

Xoves 4 **CECILIA KRULL** (MADRID)
Venres 5 **KUMBIA BORUKA** (MÉXICO)
Sábado 6 **LAURA LAMONTAGNE** (GALICIA)
Xoves 11 **LABAQ** (O BRASIL)
Venres 12 **EUROPEJSKA ORKIESTRA** (GALICIA)
Sábado 13 **SOULMACKLEIN** (GALICIA)
Mércores 17 **MISS BOLIVIA** (A ARXENTINA)
Venres 19 **LADILLA RUSA** (CATALUÑA)
Sábado 20 **BETACAM** (CANTABRIA)
Venres 26 **FLORIDABLANCA** (MADRID)
Sábado 27 **BERTA FRANKLIN** (GALICIA)

AGOSTO

Xoves 1 **APARTAMENTOS ACAPULCO** (GRANADA)
Venres 2 **MALRAIO** (GALICIA)
Sábado 3 **MONTERROSA** (MADRID)
Xoves 8 **AGORAPHOBIA** (GALICIA)
Xoves 9 **KUMBIA QUEERS** (A ARXENTINA)
Sábado 10 **LAS MIGAS** (CATALUÑA)
Xoves 15 **MARINAH** (CATALUÑA)
Venres 16 **DE VACAS** (GALICIA)
Sábado 17 **BEST BOY** (GALICIA)









# Serán'02. II Encontro Galego de Cultura Popular: Bandas de música

**DATAS:** 28, 29, 30 de xuño de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás, Xardín do Teatro e Praza Central
**ASISTENTES:** 2.569 persoas
**DIRECTOR:** Quique Peón
**COLABORAN:** FGBMP, AGADIC, GADIS

As bandas de música foron as grandes protagonistas do **Serán'02. II Encontro Galego de Cultura Popular**. O evento, promovido pola Xunta de Galicia para impulsar e pór de relevo a cultura galega de base, volveuse celebrar na Cidade da Cultura de Galicia tras o éxito da súa primeira entrega dedicada ao baile e á música tradicional.

Baixo a dirección artística de Quique Peón, o **Serán'02** tivo lugar o 28, 29 e 30 de xuño e reuniu máis de 550 intérpretes de bandas de música de toda Galicia. O encontro contou cun intenso programa con concertos de diversas bandas, incluíndo o espectáculo A dúas bandas, un man a man entre as dúas únicas bandas municipais profesionais de Galicia –A Coruña e Santiago de Compostela–; o concerto da Unidad de Música do Tercio Norte de Infantería de Marina de Ferrol e concertos de formacións infantís e xuvenís.

Outro dos pratos fortes do encontro foi o Baile Irmandades da Fala que convidou a todos os asistentes a achegarse caracterizados da época para danzar na Praza Central do Gaiás ao son das bandas de Lalín, Valladares, Santa Cruz de Rivadulla e a Lira de Ribadavia, e das charangas tradicionais de Xacarandaina, O Fiadeiro e Cantigas e Agarimos. Ao longo da noite repartíronse premios ao mellor vestiario e á parella de baile que demostrou unha maior destreza e habilidade nesta noite festeira. Xa na xornada do domingo tivo lugar a modo de clausura a posta en escena do espectáculo Saliceta, da Banda de Música de Salceda de Caselas, premiado no Concurso Innova convocado por Agadic e a FGBMP.



# IV Festival de bandas infantís e xuvenís de Galicia

**DATAS:** 14 de xullo de 2019
**ESPAZO:**Museo Centro Gaiás
**ASISTENTES:** 2.690  persoas
**ORGANIZA:** Federación Galega de Bandas de Música

A Cidade da Cultura acolleu a cuarta edición do **Festival de Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia**, no que as formacións participantes interpretaron durante vinte minutos o repertorio elixido para a ocasión. O Festival rematou, como ven sendo habitual, cunha actuación conxunta de todas as agrupacións, que interpretaron na praza central o Himno Galego.

**O Festival de Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia** busca dar a coñecer o traballo que fan as formacións máis novas das bandas de música galegas ao tempo que se fomenta unha xornada de convivencia entre os seus integrantes, provenientes de toda a xeografía galega e co nexo común do seu amor pola música. Esta xornada de convivencia está ademais propiciada pola organización de actividades e xogos para compartir experiencias entre eles. Este ano organizáronse unha serie de xogos de destreza e tradicionais para fomentar o traballo en equipo ademais de visitas ás exposicións **Valor e Mestría** e **Pensar coas Mans**, nas salas do Museo Centro Gaiás.

**PROGRAMA**

11:00 | Banda da Escola de Música de Ponteledesma.
11:30 | Banda Xuvenil da Agrupación Musical do Rosal.
12:00 | Banda Infantil Sementeira.
12:30 | Agrupación Músico Cultural de Ribadumia.
13:00 | Banda de Música Infantil de Rubiós.
13:30 | Banda da Escola de Música de Vilaboa.
16:30 | Banda Xuvenil da Agrupación Musical da Limia.
17:00 | Banda da Escola de Música de Xinzo (Ponteareas).
17:30 | Xove Banda de Valga.
18:00 | Banda de Música Municipal Xuvenil de Agolada.
18:30 | Banda de Música de Santádega
19:00 | Banda Xuvenil de Vilatuxe.
19:30 | Banda Sinfónica Xuvenil Galega.
20:15 | Interpretación do Himno Galego e entrega de diplomas.










# Viraxes. Concertos do concurso de proxectos musicais innovadores, Innova

**DATAS:** 21 de setembro, 7 e 14 de decembro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar -1
**ASISTENTES:** 1.510 persoas
**COLABORA:** Federación Galega de Bandas de Música e AGADIC

A Cidade da Cultura foi a encargada de acoller os concertos correspondentes ao Concurso de Proxectos Musicais Innovadores Innova convocados pola Federación Galega de Bandas de Música en colaboración coa AGADIC. A Cidade da Cultura de Galicia programou unha das bandas deste concurso dentro do **Serán'02** dedicado este ano precisamente ás Bandas de Música e propuxo un ciclo de tres concertos baixo a denominación de **Viraxes** no que as bandas lle deron unha volta ao seu repertorio máis tradicional mesturando a música ao vivo con diferentes xéneros e formatos escénicos, neste caso con teatro, circo e música clásica.

PROGRAMA

· **Sábado 21 de setembro: Banda de Valga. Carmina Burana en galego (Co Coro Gli Appassionati).**
Versión en galego da popular cantata profana de Carl Orff con 150 artistas sobre o escenario.

· **Sábado 7 de decembro: Banda de Guláns. Músicos in Black (Co grupo de teatro Todos Xuntos).**
Un relato sobre a importancia da música na vida cotiá coa implicación de toda a comunidade da pequena aldea de Guláns.

· **Sábado 14 de decembro: Banda de Meaño. Orquestra de Malabares (Con Pistacatro).**
Abraiante danza aérea nun diálogo escénico entre seis malabaristas e unha banda de música.

# Magosto no Gaiás 2019. Anxo Lorenzo

**DATAS:** 16 de novembro  de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar -1
**ASISTENTES:** 254 persoas
**COLABORA:**Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia

Xa é toda unha tradición festexar no Gaiás o magosto, esta cita gastronómica e musical de arraigo na cultura popular galega, na que non faltou a degustación de castañas —asadas ou como ingrediente principal en petiscos— amenizada coa actuación dun dos gaiteiros galegos máis internacionais e experimentais: Anxo Lorenzo.

O músico e compositor de Moaña ten subido aos escenarios dos festivais máis importantes do mundo celta como o Intercéltico de Lorient ou de Folkherbst de Alemaña, ademais dos galegos de Ortigueira ou Pardiñas, entre outros moitos.

No Museo Centro Gaiás as persoas asistentes puideron botar uns bailes cos sons anovadores e de fusión deste gaiteiro, que ten colaborado con artistas e bandas folk de prestixio como Carlos Núñez ou The Chieftains, pero tamén con grupos afastados da música tradicional como Amistades Peligrosas, Marta Sánchez ou Mónica Molina, logrando unha fusión natural da gaita galega con outros estilos musicais e abrindo novos horizontes dentro da vangarda musical.









# 02.03
## Letras e Pensamento





### Exilio e refuxio.
### Dúas situacións na nosa sociedade contemporánea

**DATAS:** 17 de xaneiro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Sala Seminario
**ASISTENTES:** 70 persoas
**RELATORES:** Juan Sosa Maldonado e Nour Al Hussen
**MODERADOR:** Manuel Martínez Barreiro
**COLABORA:** Amnistía Internacional

Na nosa sociedade actual, a nivel global, estase a vivir unha complicada situación xeopolítica que se reflicte no número de vítimas de conflitos bélicos e políticos, especialmente visibles a través do número de persoas refuxiadas, exiliadas e/ou represaliadas. Para darlle visibilidade a esta situación, e grazas á colaboración con Amnistía Internacional, a Cidade da Cultura incorporou nas súas actividades ao redor de **Castelao maxistral** este encontro con persoas refuxiadas e exiliadas que, neste intre, viven en Galicia. O obxecto foi que compartisen a súa crúa experiencia, na que deron a coñecer a realidade dos seus países e zonas de orixe en conflito, á vez que procurar eses paralelismos co contexto sociopolítico de Castelao, pero sobre todo escoitar e empatizar coas súas inquedanzas e coas súas necesidades.

A mesa estivo moderada polo responsable de Relacións Institucionais de Amnistía Internacional de Vigo, Manuel Martínez Barreiro, e formaron parte da mesma Juan Sosa Maldonado, persoa refuxiada proveniente de Oaxaca (México) e Nour Al Hussen, persoa exiliada proveniente de Siria.

# Diálogos ao redor de Castelao

**DATAS:** 30 de xaneiro e 6, 13, 20 e 27 de febreiro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Sala Seminario
**ASISTENTES:** 223 persoas
**INTERVENTORES:** Carlos L Bernárdez, Miguel Anxo Seixas, Jose Julio Fernández, Siro López e Pilar Cagiao

Para celebrar o Día de Castelao —que se conmemora facéndoo coincidir coa data do seu nacemento, o 30 de xaneiro— demos inicio na Cidade da Cultura de Galicia ao ciclo **Diálogos ao redor de Castelao**, que procurou abrir un espazo de conversa, análise e reflexión entre personalidades da actualidade, á vez que propiciar a súa posta en relación con expertos na biografía e na época do artista e intelectual galeguista. Esta actividade dinámica serviu de estupendo alfinete para a exposición **Castelao maxistral**.

PROGRAMA

- 30 de xaneiro: **Carlos L. Bernárdez** | *Fronte da Arte. Castelao e a plástica galega durante a Guerra Civil.*
- 6 de febreiro: **Miguel Anxo Seixas** | *A Lección de Castelao.*
- 13 de febreiro: **Jose Julio Fernández** | *Os debuxos de Castelao. Claves da súa capacidade comunicativa nunha opinión pública democrática.*
- 20 de febreiro: **Siro López** | *Castelao, o humor galego en Europa.*
- 27 de febreiro: **Pilar Cagiao** | *Castelao e a configuración das comunidades galegas no exterior.*













# Obradoiro de novela Cidade da Cultura

**DATAS:** do 1 de marzo ao 7 de xuño de 2019
**ESPAZO:** Biblioteca e Arquivo de Galicia. Aula I
**ASISTENTES:** 20 persoas
**DIRIXE:** Lourdes Fernández
**COORDINA:** Javier Peña
**ORGANIZA:** Rolling Words

Escribir é arte e tamén oficio. No **Obradoiro de Novela Cidade da Cultura** quixemos que as persoas asistentes aprendesen a enfrontarse á páxina en blanco para conseguir materializar a súa futura novela da man de escritores e escritoras galegas de éxito e co apoio dunha axencia literaria profesional, Rolling Words, que brindou a súa experiencia no mundo da edición.

O obradoiro estruturouse en dúas partes, unha teórica e outra práctica. A parte teórica consistiu en 9 clases maxistrais que tiveron lugar os venres entre o 1 de marzo e o 3 de maio de 17:00 a 19:30 horas na Biblioteca e Arquivo de Galicia. Cada sesión puxo o foco nun aspecto concreto da creación literaria e foi impartida por autores e autoras especialistas no tema.

Na parte práctica, os participantes tiveron que escribir polo menos as primeiras 40 ou 50 páxinas da súa futura novela. O día 7 de xuño puxéronse en común estes traballos cos titores. Durante todo o obradoiro tiveron acceso a titorías co profesorado.

PROGRAMA

- 1 de marzo: *1. INTRODUCCIÓN AO CURSO. EMPEZAR UNHA NOVELA.* Imparte **Javier Peña.**
- 8 de marzo: 2. *O PUNTO DE VISTA NARRATIVO.* Imparte **Manuel Gago**
- 15 de marzo: 3. *PERSONAXES E DIÁLOGOS.* Imparte **Antón Riveiro Coello**
- 22 de marzo: *4. O ESTILO.* Imparte **Arantza Portabales.**
- 29 de marzo: *5. ESTRUTURAS E TEMPOS DE NOVELA.* Imparte **Xabier Quiroga**
- 5 de abril: *6. OS XÉNEROS.* Imparte **Miguel Anxo Fernández.**
- 12 de abril: *7. A CORRECIÓN DA NOVELA.* Imparte **Diego Giráldez.**
- 26 de abril: *8. O MUNDO EDITORIAL.* Imparte **Lourdes Díaz.**
- 3 de maio: *9. O MERCADO DO LIBRO.* Imparte **Siscu Pérez.**
- 7 de xuño: *10. Posta en común*

# Día das Letras Galegas. Antonio Fraguas

**DATAS:** 17 de maio de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás
**ASISTENTES:** 56 persoas
**SELECCIÓN DE TEXTOS:** Clodio González Pérez

A Cidade da Cultura sumouse un ano máis á celebración das Letras Galegas, en 2019 dedicadas a Antonio Fraguas, figura que tamén tivo a súa homenaxe no Gaiás para pór en valor o seu labor como investigador e valedor da nosa cultura popular.

Antonio Fraguas foi director e presidente do padroado do Museo do Pobo Galego, institución que prestou unha importante colaboración para a configuración da exposición sobre artesanía galega **Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería en Galicia**. Así, ao longo do 17 de maio e para celebrar o Día das letras Galegas dedicado a Antonio Fraguas, na Cidade da Cultura organizamos unhas visitas comentadas moi especiais (30 minutos de duración) á exposición, nas que destacamos a súa figura e o seu labor á fronte do Museo do Pobo Galego, a partir das pezas prestadas para esta mostra artística.

E, seguindo co bo recibimento e participación acadada pola actividade iniciada no 2018, as persoas que se achegaron ao Museo Centro Gaiás puideron sumarse á lectura participativa, na que contamos cunha escolma de textos destacados da súa obra. A persoa que realizou a escolma de textos, á proposta do Museo do pobo Galego, foi Clodio González Pérez, etnógrafo, historiador, membro correspondente da Real Academia Galega (RAG) e persoa vencellada ao MPG e de ampla traxectoria humanista no sector cultural.

Esta lectura foi un xeito inclusivo, dinámico e participativo de achegar e promocionar a creación de Antonio Fraguas a todas as persoas interesadas, e tamén a aquelas que non coñecían de todo a súa importante tarefa para recompilar, conservar e pór en valor o patrimonio de raíz galego. Ademais, a participación dos asistentes foise compartindo nas redes sociais da Cidade da Cultura de Galicia.









# IX Encontro de Artistas Novos. EAN 9

**DATAS:** do 25 ao 28 de agosto de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Sala Seminario
**ASISTENTES:** 40 persoas
**DIRECTOR ARTÍSTICO:** Rafael Doctor
**COLABORA:** Fundación Banco Sabadell
**PROGRAMACIÓN XACOBEO 21**

A Cidade da Cultura de Galicia converteuse por noveno ano consecutivo nun espazo de encontro no que creadores emerxentes tiveron a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais. O **EAN** busca favorecer a convivencia entre artistas emerxentes galegos e procedentes doutros lugares, ademais de poñer en contacto aos participantes con outros axentes do sector como críticos, comisarios ou xornalistas. Unha edición máis, o **EAN** trouxo ao Gaiás artistas e creadores xa consolidados como **Pilar Albarracín**, as irmás **Lua e Bandía Ribeira** e **Nicolás Combarro** para compartir as súas experiencias e reflexións ao redor da arte.

LISTAXE DE SELECCIONADOS/AS:

Adrián Conde Novoa, Alba de Lucas, Alba Galocha, Alexandra Rodríguez Rey, Álvaro Martínez García, Amanda Moreno, Ana Beltrá Álvarez, Aurora Duque De La Torre, Aurora Rodríguez Teruel, Belén L. Yáñez, Berta López Carballo, Blanca Nieves Lourés Miranda, Blanca Quintanilla Pérez, Camila Cañeque, Cristian Gradín Carbajal, Dana Balajovsky, Daniela Olave, David Costoya, Diego Antonio López Bernal (Diego Lobenal), Felipe Romero Beltrán, Garazi Lara Icaza, Israel Jiménez Medina, Japi Contonente (Javier Pérez Contonente), Juan Luis López, Lois Búa Sambad, Lois Cid García, Manuel Palma, Marc Badía Quintana, Mario I. Scarlat, Marta Rodríguez Valverde (Marta Valverde), Pablo Durango, Pablo López Segura, Pascual Martínez Martínez (Colectivo Niñorojo Project), Sandra Varela Rodríguez, Sergio Ojeda Izquierdo, Teresa Búa Sambad, Thais Suárez Rey, Valeria Maculan, Vicente Sáez Castaño (Colectivo Niñorojo Project) e Virginia López Díaz

















# V Encontro Playgrounds. Argallar. Entre a arquitectura e a educación

**DATAS:** 1 e 2 de novembro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás e Centro de Innovación Cultural
**ASISTENTES:** 175 persoas

Como remate a **Argallar. Exposición para xogar coa arquitectura** a asociación Ludantia coa colaboración de Proxecto Terra e a Fundación Cidade da Cultura organizou o **V Encontro Internacional de Educación en Arquitectura para a Infancia e a Xuventude,** dirixido a docentes, estudantes e profesionais de educación en arquitectura. Estivo configurado como un encontro con intervencións plenarias en formato debate de profesionais recoñecidos a nivel galego, estatal e internacional, agrupados en parellas ao redor de catro temas de interese e actualidade para estes colectivos específicos.

O encontro complementouse con interesantes obradoiros prácticos ao redor destas temáticas:

- Arte, espazo público e participación
- Transformación de espazos
- Xoguetes e dispositivos lúdicos
- Arquitectura na educación

# 02.04
## En Familia







## Cidade do Nadal

**DATAS:** Do 14 de decembro de 2018 ao 6 de xaneiro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar 0
**ASISTENTES:** 6.628 persoas (total decembro e xaneiro)
1.419 persoas en 2019

Coa chegada do Nadal, as cidades e as vilas de todo o mundo transfórmanse. As prazas e rúas mudan as súas cores, préndense as luces e as árbores vístense de dourado, prata e vermello. A maxia destas datas mudou tamén a Cidade da Cultura, que se converteu nunha espectacular **Cidade do Nadal,** un escenario cheo de luz e cor, inspirado nos nadais de diferentes lugares e épocas. Unha cidade na que houbo casas, rúas e prazas, construídas ao redor dunha grande árbore que familias e visitantes puideron decorar xuntos. Houbo obradoiros para que os máis pequenos fabricasen afeites e adornos con papel, froitos e elementos naturais que serviron para vestir tanto a árbore de Nadal do Gaiás como as dos seus fogares. Tamén aprenderon a decorar galletas e larpeiradas con motivos propios desta época do ano, e dispuxeron dunha biblioteca na que descubrir os contos e lendas do Nadal. Ademais, puidemos percorrer as festas da luz e as ilustracións inspiradas en diferentes partes do mundo, que nos recordaron como celebran o Nadal noutras culturas afastadas e achegadas á vez. E coma sempre o noso concurso de postais no que as e os máis cativos da casa puideron dar rolda solta á súa creatividade.









# A nena dos pardais. Cidade do Nadal

**DATAS:** 4 de xaneiro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás, andar -1
**ASISTENTES:** 154 persoas

Cando o Gran Temoneiro ordena exterminar os pardais do país porque están a devorar as colleitas, unha nena, Ming Li, decide levarlle a contraria e seguir os ditados do seu corazón. *A nena dos pardais* é unha obra de teatro poética sobre os pequenos heroes do cotián. Un espectáculo emocionante, con toques de humor, que parte dun feito histórico real: cando en 1958 Mao Zedong declarou a guerra aos pardais como parte do seu plan para converter China nunha gran potencia industrial.

A compañía catalá Teatre al detall tróuxonos este relato que se inspira na historia para ofrecernos un canto á liberdade e ao respecto á vida, que chegou ao corazón de pequenos e maiores.

Ademais aproveitamos a convocatoria para facer entrega dos agasallos do Concurso infantil de postais de nadal antes da representación.





# Pequefilmes 2019. Festival infantil de curtas 2019

**DATAS:** 26 e 27 de xaneiro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás:
Sala Miñocas, andar -1
Sala Fanecas, aula seminario
Sala Vagalumes, sala de proxección
Obradoiros, aula didáctica e cafetería
**ASISTENTES:** 1.321 persoas
**COLABORA:** AGADIC, Festival de Curtametraxes de Clermont-Ferrand

O mellor cine miúdo volveu ao Gaiás na terceira edición de **Pequefilmes**. Toda unha fin de semana de proxeccións, votacións, premios do público e obradoiros cos que demos resposta á demanda do público familiar. Durante os días 26 e 27 de xaneiro de 2019, o Museo Centro Gaiás ofreceu unha emocionante e amplísima escolma das mellores producións internacionais actuais para a cativada, moitas delas premiadas e seleccionadas nos festivais de cinema infantil, xuvenil e de animación máis importantes do mundo (Annecy, Clermont-Ferrand, Chicago ICFF, Animamundi, Animafest, Dresdner Kinderfilfest...). O festival configurouse nesta terceira edición abranguendo todas as etapas da infancia: Vagalumes (dirixida a nenos e nenas de 0 a 3 anos), Miñocas (+3 anos) e Fanecas (+7 anos). Ao longo da fin de semana puidemos ver máis de 150 proxeccións de curtas procedentes de 30 países. En total 20 sesións de proxeccións: 14 de concurso (Fanecas e Miñocas) e 6 fóra de concurso (Vagalumes, Festival Clermont-Ferrand).

# Baile de entroido co rock de A Gramola Gominola

**DATAS:** 4 de marzo de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar -1
**ASISTENTES:** 500 persoas

A Cidade da Cultura de Galicia convidou os e as seareiras do Entroido a disfrazarse de roqueiras e roqueiros e gozar dun baile especial coa música en directo da banda infantil A Gramola Gominola. A estética do rock'n'roll, coas súas cazadoras de coiro, pantalóns axustados, chatolas ou topetes, convertéronse desta volta no tema do baile que a Cidade da Cultura organizou polo entroido e que vén sendo un éxito desde fai catro anos.

A música correu a cargo da Gramola Gominola, unha banda de música infantil en galego integrada por Paula Romero (voz), Ro Muñoz (batería), Anxelo de Xermar (baixo) e Paco Cerdeira (guitarra e voz). As guitarras, baixo e batería deste grupo fixeron gozar do rock en galego a toda a cativada que se achegou ao Museo Centro Gaiás. "Somos un grupo de música infantil, en galego, pensado para as máis pequenas e pequenos da casa. Pero non un grupo máis, non o de sempre, somo unha banda de rock", é como se presentan os membros desta banda, convencidos de que non hai idades nin barreira para gozar da música.

Ademais do concerto, a cativada puido pasalo ben coa animación temática, o obradoiro de globos e a música de baile.













# Obradoiro infantil sobre o Laboratorio de Formas. Día das Artes Galegas. Luis Seoane

**DATAS:** 6 de abril de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Didáctica
**ASISTENTES:** 19 persoas
**PÚBLICO:** Rapazas e rapaces de 6 a 12 anos

O Día das Artes Galegas estivo dedicado en 2019 a Luís Seoane. Con este motivo, propuxemos para a tarde do sábado 6 de abril un obradoiro para a cativada no que afondar na figura deste artista multidisciplinar que explorou o camiño da arte desde numerosas perspectivas (pintura, literatura, deseño gráfico ou gravado), pero que sobre todo foi un grande impulsor da cultura galega.

Así, a obra plástica de Luís Seoane, marcada por unha intensa cor e formas rotundas, foi o pretexto para traballar conceptos básicos da arte cos pequenos e pequenas artistas participantes neste obradoiro. A través dos principios que marcou no icónico Laboratorio de Formas, mergullámonos no universo Seoane para coñecer como manexa o cromatismo e a xeometría nas súas composicións e entender como evolucionou a súa obra desde o máis figurativo ata a abstracción dos planos de cor e a autonomía das liñas.









# Cidade Imaxinaria

**DATAS:** Edición primavera, 27 de abril. Edición verán, 24 de agosto de 2019
**ESPAZO:** Espazos exteriores
**ASISTENTES:** Primavera: 7.200 persoas
Verán: 5.000 persoas
**ACTIVIDADES:** Primavera: 11 actividades
Verán: 13 actividades

Durante este 2019 puidemos desfrutar de novas edicións de **Cidade Imaxinaria**, o tradicional festival que desde hai oito anos celebra o Gaiás, e que volveu con dúas edicións, unha en primavera e outra en verán. Equilibristas, trapecistas, saltimbanquis e clowns conquistaron todos os recunchos da Cidade da Cultura con catro horas ininterrompidas de espectáculos cun mesmo obxectivo: facer que os nenos viaxen por mundos máxicos. Espectáculos e propostas de ocio innovadoras compartiron espazo con xogos tradicionais que atrapan e cativan a todos os que os proban, independentemente da idade.

PROGRAMA PRIMAVERA 2019

**Espectáculos de pista**
· *On time* | **Cia Vaya**
[16.30-17.00h e 19.00-19.30h]
· *Imagine Dixie Fly* | **Kanbahiota Troup**
[17.00-17.30h e 19.30-20.00h]
· *Out of the blù* | **Francesca Martello**
[17.30-18.15h]
· *Esencial* | **Vaivén circo**
[18.15-19.00h]

**Espazos lúdicos para imaxinar**
· *Escola de Saltimbanquis* | **Pistacatro**
· *Labirinto* | **Itinerània**
· *Billevesées* | **Picto Facto**
· *Els recicloperats* | **Katakrak**
· *O Bosque dos sentidos* | **Risotadas**

**Espectáculos itinerantes**
· *Arrumadores de pessoas* | **Radar 360**
[16.00-16.45h e 17.30-18.15h]
· *Os Coruscantes* | **Picto Facto**
[16.45-17.30h e 18.30-19.15h]

PROGRAMA VERÁN 2019

**Espectáculos de pista**
· *Hippos* | **Zum zum teatre**
[16.00-16.20h e 17.30-17.50h] Xardín do teatro
· *Só* | **Xampatito**
[16.15-17.05h e 18.30-19.20h] Praza central e Xardín do teatro
· *Por que choras Marie?* | **Marie de Jongh**
[16.30-17.15h] Xardín do teatro
· *3 en 1* | **Alas circo teatro**
[18.45-19.45h] Praza central
· *Bailar, bailar e bailar!* | **Animatium**
[19.45-20.00h] Praza central

**Espazos lúdicos para imaxinar**
· *Titeretú* | **Itinerania**
· *L'animalada* | **Katakrak**
· *Xogos de circo e feira* | **Animatium**
· *A mover o esquelete* | **Animatium**
· *Escola de saltimbanquis* | **Pistacatro**
· *O Bosque dos sentidos* | **Risotadas**

**Espectáculos itinerantes**
· *Mezzo* | **Pistacatro**
[17.15-18.45h]
· *Palabras por un tubo* | **Generación Teatro**
[16.00-16.30h e 18.00-18.30h]









# Unha noite no bosque

**DATAS:** venres 5, 12, 19 e 26 de xullo 2019
**ESPAZO:** Bosque de Galicia
**ASISTENTES:** 104 persoas
**PÚBLICO:** Rapazas e rapaces de 10 a 13 anos
**ACTIVIDADES:** 6 actividades
**PATROCINA:** Viaqua

**Unha noite no bosque** é unha experiencia única que permite á cativada facer unha acampada nun espazo natural único, o Bosque de Galicia, na mesma contorna de Compostela. Pensada para grupos de 30 rapaces e rapazas sempre é unha iniciativa divertida e instrutiva adobiada das doses xusta de lecer, natureza, arte, astronomía, mitoloxía e respecto ao medio ambiente para gozar dunha aventura única.

PROGRAMA

**Venres**
19:00 h. - Recepción dos e das participantes. Punto de Información
19:30 h. - Visita guiada polos espazos arquitectónicos
20:15 h. - Montaxe de campamento no Bosque de Galicia
21:15 h. - Cea. "Lume do campamento"
22:30 h. - Roteiro polo Parque do Lago e Bosque de Galicia "Os Sons da Noite".
23:15 h. - Obradoiro de estrelas "Mitoloxía"
00:00 h. - Peche de xornada. Descanso

**Sábado**
8:30 h. - Diana. Aseo e almorzo
9:15 h. - Recollida do campamento
10:00 h. - Obradoiro: Repaso da fauna nocturna mediante fichas e cantos.
11:00 h. - Obradoiro: Realización dun obradoiro de nós básicos
12:00 h. - Peche de actividade e despedida

# Campamento *Valor e mestría*

**DATAS:** Do 8 ao 12 de xullo de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás e espazos exteriores
**ASISTENTES:** 8 persoas
**PÚBLICO:** Rapazas e rapaces de 8 a 12 anos
**ACTIVIDADES:** 7 actividades



Baseados en obradoiros que estimulan a súa creatividade, estes campamentos responden á demanda de nais e pais dunha oferta para a cativada que permita conciliar na época época non lectiva, pero que non sexan proxectos que se baseen exclusivamente no mero entretemento.

Deste xeito, como unha forma lúdica de tratar de compaxinar a conciliación familiar coa aprendizaxe e as actividades culturais organizouse este campamento urbano ao redor dos contidos da exposición **Valor e mestría** sobre a historia do fútbol en Galicia. Non se tratou dun campamento de tecnificación deportiva, senón que aproveitando o fútbol como elemento central, douse a coñecer a historia futbolística da nosa comunidade, os xogadores e xogadoras máis relevantes e principais fitos históricos, entendendo o fútbol como elemento socializador cuns valores intrínsecos como son o compañeirismo, solidariedade, igualdade e respecto entre iguais.



ACTIVIDADES

· Para ser bo deportistas non fan falla trucos de maxia: Actividade de cooperación na que se fomenta a deportividade
· Equipos galegos: Xogo deportivo exterior no que se dan a coñecer os principais equipos galegos
· Xincana sobre o deporte galego: Temos pasado hai futuro!
· Concurso "Quen quere ser futbolista?" sobre contidos da exposición
· Fútbol para todxs: Coñecer as posibilidades do fútbol como ferramenta que se adapta a persoas con diferentes necesidades.

# Campamento *Coas mans na masa*

**DATAS:** Do 15 ao 19 de xullo de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás
**ASISTENTES:** 14 persoas
**PÚBLICO:** Rapazas e rapaces de 8 a 12 anos
**ACTIVIDADES:** 4 actividades



Neste campamento ao redor da exposición de artesanía **Pensar coas mans** procurouse unha aprendizaxe coa cerámica que quixo ser dinámica e divertida e que estivo impartida por tres artesás/artesáns de primeira orde do panorama actual Montse Rego, Xaime Piñeiro e Pablo Barreiro. A partir de diferentes actividades e xogos traballáronse diferentes técnicas da cerámica.

ACTIVIDADES

· Obradoiro de máscaras: Neste apartado do campamento a cativada usou a técnica do molde para facer as súas máscaras que despois decoraron de forma personalizada
· Mural cerámico: entre todos deseñamos un gran mural de cerámica onde cada un das e dos rapaces aportou unha parte do mesmo co seu propio azulexo.
· Decoración de pratos: neste caso traballouse con pezas xa fabricadas e as e os rapaces centráronse na súa decoración.
· Nun campamento sobre cerámica non podía faltar o torno alfareiro no que a cativada puido modelar ao ritmo da roda as súas pezas favoritas.







# Nadal no Gaiás

**DATAS:** do 13 de decembro de 2019 ao 6 de xaneiro de 2020
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás
**ASISTENTES:** 8.034 persoas (2019)
1.686 participantes nos obradoiros (2019)
**PÚBLICO:** Rapazas e rapaces de 6 a 12 anos

A maxia do Nadal apoderouse da Cidade da Cultura e fixo que gozásemos durante estas festas dunha pequena grande urbe de conto, ateigada de personaxes e figuras creadas con máis de 50.000 globos e obradoiros ao acubillo do Museo Centro Gaiás. Multitude de casiñas de cores e figuras creadas con globos, renos, bastóns de caramelo, trasnos, farois e moitas luces recrearon un pequeno mundo, onde a cativada sentiuse protagonista dun verdadeiro conto de Nadal. Non faltou a árbore xigante que agardou ansiosa todo o ano para volver ser o espazo no que pendurar as decoracións feitas pola cativada nos obradoiros de decoración de Nadal. As nenas e nenos que se achegaron ao espazo puideron elaborar coas súas propias mans —axudados por monitores— adornos orixinais e cheos de cor, con piñas, madeira, globos e outros materiais, nos que sacar e potenciar a súa faciana creativa e engalanar a grande árbore. Coma todos os anos ademais convidamos á cativada a enviarnos as súas propostas creativas para o noso concurso de postais. Os gañadores deste 2019 foron, no segmento entre cero e tres anos Xoel Montoro e Sabela Callón; no de entre catro e seis anos, Xiana Rivadulla e Leire Noia; e entre sete a nove, Hania Mozo e Iván Casal.









# Galicia Magic Fest

**DATAS:** 28 de decembro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar -1
**ASISTENTES:** 380 persoas

Dentro do nadal máxico que programamos no 2019 o broche de ouro foi a acollida na Cidade da Cultura de Galicia do Galicia Magic Fest, gala de maxia baixo a dirección do ilusionista galego Pedro Volta (participante do Got Talent España). Promotor do proxecto desde a súa primeira edición, Volta fixo de mestre de cerimonias nunha gala na que contamos con magos chegados de todos os recunchos do mundo, entre os que estaba un gran premio mundial como é Norbert Ferré, e na que o público puido ver algúns dos mellores ilusionistas

do mundo. Un espectáculo trepidante para toda a familia, de hora e media de duración, no que se puideron ver diferentes especialidades e formatos da arte da maxia.

· MAG MARÍN (Galicia). Campión da primeira edición do programa Pura magia de TVE.

· SHEZAN (Italia). Número único que deixou abraiados a magos de todo o mundo no último mundial de maxia en Corea 2018.

· DANI POLO (Galicia), finalista de Pura Magia de TVE que percorreu co seu número prestixiosos festivais internacionais.

· NORBERT FERRÉ (Francia). Gran Premio Mundial de Maxia Grand Prix World Championfism 2003. Pura poesía e arte máxica cun talento extraordinario que o fixo viaxar por todo o mundo.

# 02.05
# Visitar o Gaiás

## Programa educativo de visitas comentadas

| | |
|---|---|
| VISITAS DIDÁCTICAS: | **14.652** persoas en **640** grupos |
| VISITAS CONCERTADAS: | **3.334** persoas en **173** grupos |
| VISITAS REGULARES: | **4.159** persoas en **295** grupos |
| TOTAL DE ASISTENTES: | **22.145** persoas |
| TOTAL DE GRUPOS ATENDIDOS: | **1.108** grupos |

O Servizo de Educación, Mediación e Atención ao Visitante da Fundación Cidade da Cultura de Galicia ofrece ao longo do ano visitas comentadas á Cidade da Cultura (con contido arquitectónico), ás exposicións do Museo Centro Gaiás (cos contidos de cada mostra) e á contorna natural do Monte Gaiás e os seus proxectos de axardinamento (con contido medioambiental). Todas elas son gratuítas e están desenvolvidas polos guías especializados da Fundación.

As visitas do programa educativo están dirixidas a tres tipos de públicos:

**Visitas escolares:** enfocadas principalmente aos centros educativos e outras institucións formativas, estas visitas con reserva previa están adaptadas aos diferentes currículos e niveles. A través deste programa, durante 2019 o Gaiás converteuse nunha ferramenta educativa de primeira orde, coa celebración de grandes exposicións de diferentes temáticas ao longo do ano lectivo, e mantendo os seus contidos habituais de arquitectura e natureza. Estas visitas supuxeron unha grande oportunidade para descubrir os pormenores dos seus contidos adaptados aos diferentes niveis académicos, para que os centros de ensino poidan tirar o máximo proveito de todos os recursos que a Cidade da Cultura facilita á comunidade educativa.









**Grupos concertados:** destinadas a grupos de público non escolar interesado en coñecer en profundidade tanto as exposicións do Museo Centro Gaiás como o complexo arquitectónico e os espazos naturais. Trátase dunha oferta a demanda, a través de reserva previa, na que é posible escoller os contidos de interese.

**Visitas regulares:** o Servizo de Educación, Mediación e Atención ao Visitante ofrece de forma regular visitas para aquelas persoas que se achegan ao Gaiás sen cita previa, tanto para coñecer o proxecto arquitectónico como os contidos das exposicións temporais do Museo Centro Gaiás. Con frecuencia diaria, durante 2019 os horarios de visitas fóronse adaptando ás diferentes actividades. Neste eido, destacou este ano a implantación do programa **Gaiás secreto**: visitas de pago ao complexo arquitectónico, con contidos moi especializados e accesos a áreas restrinxidas. Programadas os sábados e períodos vacacionais ás 11:30, as visitas desde programa acadaron unha boa acollida e demanda por parte do público.

# 02.05

## 01. Actividades relacionadas coas exposicións



## Ciclo de debate escolar. O valor da educación para a construción de sociedades libres

**DATAS:** 26 e 27 de febreiro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás, andar 3
**ASISTENTES:** 115 persoas
**ALUMNADO:** Último ciclo da ESO e BACH
**PARTICIPA:** Irene Bascoy | Faro de Vigo
Marta García Márquez | Ideal Gallego

A presenza da obra lendaria *A derradeira leición do mestre* na exposición **Castelao maxistral**, na Cidade da Cultura de Galicia, resultou do máis axeitada para transmitirlle nesta actividade ao alumnado a importancia da educación para a construción de sociedades libres, unha das principais loitas do artista e intelectual galeguista ao que se lle dedicou esta exposición. Chegado da Arxentina, este cadro emblemático que nunca antes se tiña exhibido en Galicia, procura no relato expositivo de **Castelao maxistral** ser unha imaxe icónica contra a intolerancia, sendo a educación a mellor ferramenta para ensinar en valores, liberdade e xustiza.

Con este fío condutor, desde a Cidade da Cultura de Galicia quixemos pór a mocidade en relación con xornalistas, que no seu labor profesional cotián analizan a actualidade. O obxecto deste ciclo foi establecer un diálogo coas xeracións de mozas e mozos vencellando os logros educativos exaltados na exposición —que pon en valor a tarefa dos mestres e das mestras da Segunda República na renovación pedagóxica, e na consecución dun ensino universal e en galego— e o vínculo co sistema educativo actual como ferramenta.

Dirixido a alumnado de último ciclo da ESO e BACH, promoveuse un foro de debate no que dúas aulas diferentes poidan poñer en común as súas ideas sobre a sociedade actual e o peso da educación para a súa construción. Cada xornada estivo moderada por un/unha xornalista diferente.

# O fútbol feminino contado polas súas protagonistas

**DATAS:** 6 de marzo de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Sala Seminario
**ASISTENTES:** 28 persoas
**MODERA:** Cristina López Villar
**PARTICIPA:** Teresa Abelleira. Capitá Real Club Deportivo
Lis Franco. Karbo

Co gallo da celebración do Día Internacional da Muller (8 de marzo) e coincidindo coa exhibición no Museo Centro Gaiás da exposición **Valor e mestría. Galicia como fútbol**, a Cidade da Cultura de Galicia organizou unha mesa redonda sobre o fútbol feminino.

A moderadora foi Cristina López Villar, doutora e mestra da Universidade da Coruña e que tamén colabora no catálogo da exposición **Valor e mestría. Galicia como fútbol**. Como intervenientes estiveron Lis Franco, estrela do equipo feminino Karbo, e Teresa Abelleira, capitá do Real Club Deportivo da Coruña feminino, que xoga coa Selección Española de Fútbol. Hai que salientar que o Karbo conquistou unha Copa Raíña Sofía (tempada 1981-1982) e tres campionatos de España consecutivos (do 1893 ao 1985) , así como unha Copa Galega. Ademais, fíxose coas cinco ligas galegas celebradas entre 1983 e 1988.





# O fútbol como ferramenta de superación. LaLiga Genuine

**DATAS:** 10 de abril de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Sala Seminario
**ASISTENTES:** 13 persoas
**MODERA:** Juan Luís Cudeiro
**PARTICIPA:** Real Federación Galega de Fútbol
Gelines Romero. Fundación Real Club Deportivo
Julián Castaño. Club Deportivo Lugo
Alexandre Abalde. Fundación Celta Integra
**COLABORA:** LaLiga Genuine
Real Federación Galega de Fútbol

Os beneficios da práctica do deporte non só se limitan a unha actividade física ou competitiva, chegan ás esferas emocionais e psicolóxicas. E neste senso, as persoas con discapacidade apóianse no deporte non só como ferramenta para a rehabilitación senón polos efectos beneficiosos do mesmo e polo que supón de superación de barreiras e mellora da autoestima para as persoas que o practican, á vez que é un importante instrumento de inclusión social.

Neste senso, entre o abano amplo e diverso de actividades para arroupar e dinamizar a exposición **Valor e mestría. Galicia como fútbol** a Cidade da Cultura programou unha xornada baseada nas experiencias en primeira persoa na que se amosa esta faciana do fútbol: o seu valor como ferramenta de inclusión social e de superación persoal.

Moderada por Juan Luis Rodríguez Cudeiro, xornalista deportivo de El País, abordaron este tipo de experiencias en equipos inclusivos o coordinador do proxecto dentro do Club Deportivo Lugo, Julián Castaño; a directora da área social da Fundación Real Club Deportivo, Gelines Romero; e, por último, da Fundación Celta Integra, foi o técnico Alexandre Abalde, quen completou os relatos e as historias de superación que conforman estes tres equipos, os únicos galegos que compiten, neste intre, en La Liga Genuine Santander. Esta competición, organizada por La Liga Santander e unha experiencia pioneira no mundo, está formada por equipos de xogadores con discapacidade intelectual.

# Demostración de torno cerámico. Obradoiros da exposición *Pensar coas Mans*

**DATAS:** 13, 14, 27, 28 de abril, 18 e 19 de maio e 8 e 9 de xuño de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar 1
**ASISTENTES:** 1.200 persoas
**ARTESÁNS:** Susana González, Antón Román e Roberto Piñeiro
**COLABORA:** Fundación Artesanía de Galicia

A exposición **Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia** pensouse como un espazo vivo no que ademais de ver as obras musealizadas as persoas visitantes puideron asistir a diferentes demostracións ao vivo da artesanía. Puidemos ver artesáns e artesás a traballar 'in situ' para amosar como de actual, vixente e vangardista é artesanía galega. Unha desas mostras ao vivo foi a dedicada á cerámica e na que os artesáns Susana González, Antón Román e Roberto Piñeiro estiveron traballando co público diferentes técnicas con especial éxito de público a dedicada ao torno cerámico.

Foi toda unha oportunidade poder contar con estes profesionais para coñecer de primeira man esta disciplina artesá, ademais de gozar da experiencia de ver como se traballa nun oficio con tanto peso e arraigamento na nosa cultura, actividade tradicional e patrimonio.








# Demostración de elaboración de sancosmeiros. Obradoiros de *Pensar coas Mans*

**DATAS:** 13 e 14 de abril e 18 de maio de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar 1
**ASISTENTES:** 450 persoas
**ARTESÁNS:** Asociación de Antes
**COLABORA:** Fundación Artesanía de Galicia

No espazo expositivo de **Pensar coas mans**, organizamos unha actividade impartida pola Asociación De Antes coa idea de afondar no apartado de cestería e na que as persoas que estaban na sala de exposición puideron ver como se elaboran os chapeus de palla coñecidos como sancosmeiros, e probar a traballar no seu trenzado, baseado na técnica que empregaban as mulleres ao trenzar o cabelo. Ademais de chapeus, con esta técnica poden fabricarse cestas, bolsas e moitos máis obxectos que se exhibiron no museo. Os sancosmeiros están feitos de palla limpa de trigo, mollada e ben secada que trenzándoa coidadosamente forma uns chapeus circulares de gran resistencia e impermeabilidade. Teñen unha gran demanda entre as campesiñas e campesiños pola súa perfecta adecuación aos labores agrícolas tanto no verán como no inverno, pero tamén teñen un atractivo pola súa versatilidade á hora de vestir .

# Paseos pola ourivería.
# Obradoiros da exposición *Pensar coas Mans*

**DATAS:** 20 e 21 de abril, 4 e 5, 25 e 26 de maio e 15 e 16 de xuño de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar 1
**ASISTENTES:** 16 persoas
**IMPARTE:** Susi Gesto
**COLABORA:** Fundación Artesanía de Galicia

Actividade impartida por Susi Gesto en relación coas actividades relacionadas coa mostra **Pensar coas mans**, no seu apartado dedicado á xoiaría e na que se tratou de introducir ás persoas interesadas nas técnicas básicas da ourivería. Susi Gesto estivo creando e impartindo este obradoiro no mesmo corazón expositivo de **Pensar coas mans**, ademais de asistir aos cursos os participantes inscritos nos mesmos, os visitantes da exposición tamén puideron seguir estes talleres ao vivo.







# Iniciación ás técnicas da cestería.
# Obradoiros da exposición Pensar coas Mans

**DATAS:** 11 e 12 de maio, e 22, 23, 29 e 30 de xuño de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar 1
**ASISTENTES:** 24 persoas
**IMPARTE:** Julia da Cal
**COLABORA:** Fundación Artesanía de Galicia

Actividade impartida por Julia da Cal, artesá, ilustradora deseñadora gráfica e de produto, coñecida pola súa marca La Parabólica, na que se tratou de introducir ás persoas interesadas nas técnicas básicas da cestería co gallo da celebración da mostra **Pensar coas mans** e concretamente co seu apartado de cestería. Os participantes organizáronse en tres grupos diferentes cun aforo de oito inscritos en cada grupo. Cada un destes grupos traballou dous días seguidos coa artesá e ao finalizar o obradoiro puideron, ademais de coñecer as principais técnicas, levar tamén una mostra de cestería do traballo realizado.

# Homenaxe aos clubs pioneiros do fútbol galego

**DATAS:** 25 de abril de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Sala Seminario
**ASISTENTES:** 15 persoas
**MODERA:** Carlos Luis Miranda
**COLABORA:** Real Federación Galega de Fútbol

A modo de homenaxe, a Cidade da Cultura organizou este coloquio no que participaron os que se entenden como clubs pioneiros do fútbol en Galicia, contando con Lois Novo como responsable de contidos históricos do Real Club Deportivo da Coruña como primeiro club fundado en 1906, con Raúl Vázquez Barona como presidente da Unión Campestre FC de Montrove fundado no 1908, co presidente do Racing de Ferrol, Pepe Criado, club fundado no 1919, Javier Cotrofe como representante da Sociedade Deportiva Sin Querer de 1922 e Juan Adell en representación do Real Club Celta de Vigo en 1923.




A xornada estivo moderada polo xornalista deportivo e asesor da exposición Carlos Miranda, quen soubo enfocar os temas a tratar de xeito que se evidenciaron as diferenzas dos primeiros clubs creados coa situación actual dos mesmos. Foi unha oportunidade tamén para que vellos coñecidos e senlleiros persoeiros dos clubs se volvesen atopar e intercambiasen as súas vivencias á fronte dos equipos.

# Visitas taller con escolares na exposición *Pensar coas Mans*. Cerámica e cestería

**DATAS:** do 16 de maio ao 12 de xuño de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar 1
**ASISTENTES:** 350 persoas
**NIVEIS ESCOLARES:** Todos os niveis de primaria. Grupos de 50 alumnos

Buscando estimular o achegamento á arte do alumnado con saídas fóra da aula, creouse este programa didáctico para **Pensar coas mans**, no que se ofertaron visitas especializadas coa participación-experimentación en obradoiros de artesanía, no que a rapazada levou unha peza (de cerámica ou de cestería) feita por eles e elas mesmas para a casa ou a clase. Este obradoiros, que se realizaron na zona de talleres da exposición, foron combinados con visitas á mostra da man dos guías do servizo educativo da Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Estas visitas-obradoiros dividíronse en dous:



**Obradoiro de cerámica:** Reprodución de pezas de olaría tradicional, co luxo de ter os artesáns de Terra Lume (Antón Susana e Roberto) de mestres.

**Obradoiro de cestería:** Cada participante creo a súa propia cesta con técnicas tradicionais, impartido polo artesán Rubén Berto Covelo.

# Día Internacional dos Museos

**DATAS:** 18 de maio de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás
**ASISTENTES:** 1.506 persoas
**COLABORA:** Petroni e Aguas de Mondariz

Un ano máis no Gaiás volvemos sumarnos ao Día Internacional dos Museos (DIM) cun programa de actividades, enteiramente de balde. O DIM2019 organízouse co lema *Os Museos como eixos culturais: o futuro da tradición*, unha temática que precisamente estaba moi presente nas exposicións que se podían visitar daquela no Museo Centro Gaiás e que enxalzaban a nosa tradición como alicerce cultural e como valor de futuro da vangarda artística. O sábado 18 de maio, o Museo Centro Gaiás foi un fervedoiro de actividade con visitas comentadas especiais ás exposicións e á arquitectura e obradoiros de artesanía que conxugaban tradición e creación contemporánea. Unha das actividades centrais da xornada foi o obradoiro colectivo de cestería con dúas das nosas artesás cesteiras máis internacionais e vangardistas: Idoia Cuesta e Julia de la Cal. Ao longo de toda a fin de semana todas as persoas participantes teceron conxuntamente con vimbio e aplicando unha técnica de cestería intuitiva similar á que empregan os paxaros para tecer os seus niños. O resultado foi unha estrutura de gran tamaño con formas orgánicas que quedou instalada no hall do Museo Centro Gaiás. Ademais, para pórlle o toque lúdico a esta xornada festiva para os museos de todo o mundo, todas as persoas participantes foron convidadas a unha sesión vermú moi especial, coa colaboración de Petroni e Aguas de Mondariz e co piano-bar de Le BarLuthier e a súa música ambientada nos anos 30 e 40.

PROGRAMA

**Enleadas:** Obradoiro colectivo de cestería con **Idoia Cuesta e Julia de la Cal** | 10.30-14.00h e 16.00-20.00h

**Edición especial de Gaiás Secreto**, centrada no edificio do Museo Centro Gaiás e con entrada de balde | 11.30-13.00h

**Obradoiro-demostración de elaboración de sancosmeiros** | 12.00-14.00h e 17.00-19.30h

**Obradoiro-demostración de torneado cerámico** | 12.00-14.00h e 17.00-19.30h

**Visitas especiais** ás exposicións **Valor e mestría** e **Pensar coas mans** cos seus comisarios **Rubén Ventureira e Verónica Santos** | 11.30-19.30h

**Vermú musical co piano-bar de Le BarLuthier** no Hall de Tirantes do Museo | 13.00-14.00h

Descontos nos prezos dos catálogos das exposicións do Museo Centro Gaiás: [-20% nos catálogos das exposicións en curso e -40% nos catálogos de exposicións anteriores]












# #CULTURALIKE. Divulgación cultural en redes

**DATAS:** 23 de novembro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Sala Seminario
**ASISTENTES:** 70 persoas
**STREAMING:** 8.968 reproducións

Co gallo da exposición **Galicia. Un relato no mundo** a Cidade da Cultura xuntou nunha xornada a dous destacados divulgadores culturais en rede: Jaime Altozano, con máis de dous millóns de seguidores e máis de cen millóns de visualizacións acumuladas en YouTube, e Miguel Ángel Cajigal, coñecido como El Barroquista, con más de 40.000 seguidores no Twitter e guía do Servizo de Educación, Mediación e Atención ao Visitante do Museo Centro Gaiás. A xornada constou dunha presentación de cada un e unha mesa de diálogo entre eles e co público. Ao longo da xornada amosáronnos como triunfar en Internet coa divulgación cultural e ofreceron as ferramentas necesarias a través de exercicios ao redor da exposición **Galicia. Un relato no mundo** a modo de caso práctico.

**JAIME ALTOZANO.** Un dos máis destacados divulgadores culturais en lingua hispana. Conta con máis de dous millóns de seguidores nas diferentes redes sociais e máis de cen millóns de visualizacións acumuladas na súa canle de YouTube. Compositor e produtor musical, ten colaborado como creador de contidos divulgativos con institucións como a Universidad Politécnica de Madrid ou o Teatro Real e con medios como Movistar+, Cadena SER e RTVE.

**EL BARROQUISTA.** Miguel Ángel Cajigal é un tuiteiro galego especializado en arte, museos e patrimonio cultural con máis de 40.000 seguidores nesta rede social. Historiador da Arte e da Música pola Universidade de Santiago de Compostela, dirixe o Máster de *Educación en Museos e Espazos Culturais da Universidad Miguel de Cervantes* (Valladolid). Colabora como divulgador cultural no programa *Galicia por Diante* da Radio Galega e forma parte do servizo educativo da Cidade da Cultura de Galicia.









# Historias na encrucillada. Visitas relatorio temáticas cos asesores de *Galicia, un relato no mundo*

**DATAS:** 14 e 21 de decembro. Continúa en 2020 ata o 4 de abril
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás . Andares 1 e 2
**ASISTENTES:** 50 persoas (25 persoas por quenda)
**RELATORES DECEMBRO:** Manolo Gago. Comisario da mostra
Pilar Cagiao. A diáspora

A través do ciclo **Historias na encrucillada**, o público puido mergullarse os sábados 14 e 21 de decembro, dun xeito diferente, na exposición **Galicia, un relato no mundo**, afondando nunha etapa histórica ou temática concreta da man de grandes expertos nesa materia. O ciclo, que continuou en 2020 ata o remate da exposición, abordou aspectos como a II Guerra Mundial, as invasións vikingas, a Galicia galaicorromana ou a Idade Media e o Camiño de Santiago.

Con este programa de visitas, todas elas de balde, o público tivo a oportunidade de descubrir a mostra cunha óptica diferente nas mañás dos sábados, a través dunha visita en sala a modo de conferencia, versada nun aspecto concreto da exposición do que é especialista o relator ou relatora. As diferentes quendas estiveron guiadas por persoas integrantes do comité científico e colaboradoras do catálogo da exposición. O comisario da exposición guiou a primeira das visitas, ademais doutras tres en 2020, incidindo nos aspectos máis destacados da mostra.

# 02.05

## 02. Actividades de divulgación





## O Bosque do Camiño. Plantacións de árbores por parte de peregrinos

**DATAS:** Quenda I - Todos os mércores e sábados do 26 de marzo ao 13 de abril de 2019. 9 días
Quenda II - Sábados 30 de novembro e 14 de decembro de 2019 e 11 de xaneiro de 2020. 3 días
**ESPAZO:** Bosque de Galicia. Fase II
**ASISTENTES:** Quenda I: 163 persoas
Quenda II: 32 persoas

A cidade da Cultura de Galicia quixo convidar con esta actividade a que todos os peregrinos que así o quixesen puidesen deixar a súa pegada na cidade de Compostela, plantando unha árbore no Bosque de Galicia, nun espazo reservado a tal efecto que a partir desta actividade pasará a denominarse **O Bosque do Camiño**, vinculando así a Cidade da Cultura ás vías de peregrinacións xacobeas e concretamente á Vía da Prata que pasa á beira do recinto de Eisenman.

Deste xeito, a peregrinación engade unha conexión afectiva e respectuosa coa terra e paisaxe galegas e que perdurará no tempo nunha contorna única, pola que discorre a Vía da Prata de modo paralelo.

Para esta actividade preparouse un servizo de recollida dos inscritos na Oficina do Peregrino de Santiago de Compostela. Durante este percorrido, explicóuselle aos asistentes o complexo arquitectónico deseñado por Peter Eisenman, á vez que as súas zonas verdes, como o Bosque de Galicia, onde se sitúa o **Bosque do Camiño**, composto por 12.000 árbores autóctonas que compoñen o pulmón verde da Capital de Galicia.









# Andaina interpretativa polo Bosque de Galicia. Día dos Bosques e da Auga

**DATAS:** 23 de marzo de 2019
**ESPAZO:** Bosque de Galicia
**ASISTENTES:** 60 persoas

A Cidade da Cultura festexou as dúas efemérides vencelladas co medio: o Día dos Bosques e o Día da Auga, que se celebran o 21 e 22 de marzo, respectivamente. E fixémolo con visitas comentadas ao Bosque de Galicia, o gran pulmón verde de Santiago de Compostela, que tras o remate da súa segunda fase, xa conta con 34 hectáreas ateigadas de 12.000 árbores autóctonas. Hai que destacar que este —e o resto dos espazos naturais que arroupan ao Gaiás— tamén foron obxecto e protagonistas de parte da programación cultural ao longo do ano.

Estas visitas ao Bosque de Galicia fixeron posible que todas e todos os que se decidiron a participar se asomasen a este espazo verde do Gaiás para coñecer e valorizar os elementos do noso medio natural, á vez que para aprender a identificar as plantas da nosa contorna, as súas utilidades e a importancia da súa preservación.

Aproveitando a variedade natural existente no monte Gaiás, as e os que se inscribiron puideron gozar dunha andaina interpretativa da paisaxe galega, con todo un catálogo de especies arbóreas que favorecen o coñecemento próximo do noso ecosistema (bidueiros, carballos, salgueiros...). Foi unha actividade para coñecer de primeira man e polo miúdo unha contorna única na capital de Galicia, á vez que un xeito directo, didáctico e divulgativo de festexar dúas datas tan vencelladas ao respecto e ao coidado do medio.









# Gaiás secreto. Visitas comentadas para achegarse á súa arquitectura, historia e funcións

**DATAS:** Todos os sábados a partir do 13 de abril; e xoves, venres e sábados en semana santa, xullo e agosto de 2019
**ESPAZOS:** Museo Centro Gaiás, Biblioteca e Arquivo de Galicia, Sala Eisenman, Torres Hejduk
**ASISTENTES:** 325 persoas

A Cidade da Cultura puxo en marcha a partir do 13 de abril un novo servizo de visitas comentadas, **Gaiás secreto**, que amosou a súa arquitectura e as súas zonas naturais dun xeito máis exhaustivo, á vez que ten un compoñente máis exclusivo, ao incorporar lugares habitualmente restrinxidos ao público como son a galería subterránea que comunica o complexo, as sobrecubertas dos edificios e os sofisticados depósitos bibliográficos. As visitas comentadas **Gaiás secreto** estiveron activas todos os sábados do ano ás 11.30 horas e ampliáronse aos xoves e aos venres en Semana Santa e nos meses de xullo e agosto, período no que ademais de ofrecerse en galego e castelán tamén se puido dispoñer deste servizo en inglés un deses tres días. Deste xeito, da man dos guías do Servizo de Educación, Mediación e Atención ao visitante da Cidade da Cultura, puidemos descubrir a historia e as claves deste complexo arquitectónico que representa un dos exemplos máis interesantes da arquitectura contemporánea de España.

En **Gaiás secreto**, os e as visitantes puideron explorar esta urbe de cuarcita e cristal deseñada polo norteamericano Peter Eisenman coñecendo polo miúdo o Museo Centro Gaiás, cunha fachada de 43 metros; a Biblioteca e Arquivo de Galicia, cabeceira do sistema de bibliotecas galegas e do patrimonio documental da nosa comunidade; e as Torres Hejduk, pensadas polo arquitecto John Hejduk como un invernadoiro vertical para Santiago, e trasladadas despois ao Gaiás, onde acollen intervencións artísticas.









# Cidade Rompetiño

**DATAS:** 25 de maio de 2019
**ESPAZOS:** Praza central, Xardín do teatro
**ASISTENTES:** 1500 persoas
**ORGANIZA:** Rompiente Clothing
**COLABORA:** Real Federación Española de Patinaje

**Cidade Rompetiño** foi unha actividade concibida na Cidade da Cultura de Galicia para dar resposta ao alto interese de xente nova que vincula o seu lecer a actividades deportivas —como parkour ou skate— e estreitamente ligadas á música de estilos como hip-hop ou hall-dance. Precisamente, este evento acolleu a final do primeiro Campionato oficial de España de Scooter Freestyle, co que os e as participantes se clasificaron para a proba mundial, prevista para o mes de xullo en Barcelona.

A xornada serviu tamén para dar a coñecer os novos espazos verdes do complexo arquitectónico da Cidade da Cultura de Galicia, celebrándose parte das actividades no anfiteatro do Xardín do Teatro. Neste mesmo espazo sitúase un bowl de skate que foi moi requirido ese día polos amantes dese deporte

PROGRAMA

9.00 - 11.00 h. — Adestramentos
11.00 - 12.00 h. — Jr & Woman Qualify
12.00 - 12.30 h. — Open Warm Up
12.30 - 14.00 h. — Open Qualify
14.00 - 15.00 h. — Akademy
15.00 - 16.30 h. — Descanso con concerto na zona das foodtrucks
16.30 -17.30 h. — King of bowl amateur contest
17.30 - 18.00 h. — Open warm up
18.00 -19.30 h. — Final Open
19.30 -20.00 h. — Best Trick
20.00 h. —Entrega de Premios



# Holi Gaiás

**DATAS:** 8 de xuño de 2019
**ESPAZOS:** Praza central, Espazos verdes da Cidade da Cultura
**ASISTENTES:** 439 persoas
**PATROCINA:** Viaqua
**COLABORA:** Fundación USC Deportiva, Federación Galega de Atletismo, Coca-Cola

O sábado 8 de xuño tivo lugar por terceiro ano consecutivo unha carreira diferente, a **Holi Gaiás**. Os corredores puideron vir ao Gaiás a practicar deporte dun xeito divertido e a coñecer os seus espazos verdes a través dunha actividade saudable, ateigada de cor e de música. Esta competición atípica faise á semellanza dos festivais cos que na India, na Guyana e no Nepal celebran a estación da primavera.

# Camiño ao Gaiás

**DATAS:** Todos os xoves do 4 xullo ao 12 de setembro 2019
**ESPAZOS:** Dende a rúa do Vilar á Cidade da Cultura
**ASISTENTES:** 143 persoas
**COLABORA:** Fundación USC Deportiva
**QUENDAS:** Nocturnas: 11 de xullo e 1 de agosto
Diúrnas: 4 e 18 de xullo, 8, 22 e 29de agosto e 12 de setembro

Unha forma diferente de achegarse ao Gaiás e á propia cidade de Santiago de Compostela, ofrecendo aos e ás visitantes novas rutas para chegar a pé ao complexo deseñado por Peter Eisenman, poñendo en valor a fermosa contorna natural e patrimonial que leva ata a Cidade da Cultura, permitindo descubrir algunhas das xoias arquitectónicas de Compostela, xa que se parte do centro histórico.



Para rematar, todas as persoas que o desexaron, nas andainas diúrnas, puideron rematar a súa visita escoitando a música programada na Praza Central do Gaiás ao son das suxestivas propostas dos concertos de **Atardecer no Gaiás**. Contouse de novo tamén coa ruta nocturna desde o Punto On da Cidade da Cultura ao centro de Compostela ás 22.30h, unha vez rematados os concertos de **Atardecer no Gaiás**.

# Visitas astronómicas

**DATAS:** Os venres do 4 de xullo ao 07 de setembro 2019
**ESPAZOS:** Espazos exteriores ou Auditorio Neira Vilas no caso de condicións meteorolóxicas desfavorables
**ASISTENTES:** 1.000 persoas
**COLABORA:** Observatorio Astronómico Ramón María Aller
**DIRECCION CIENTÍFICA:** Jose Ángel Docobo Durántez

O complexo do Gaiás acolleu unha vez máis as sesións de observacións astronómicas, nas que poder gozar das estrelas e da arquitectura do complexo a un mesmo tempo.



A través de telescopios e prismáticos, e seguindo as explicacións técnicas de monitores, a actividade permitiu observar a lúa, planetas, estrelas dobres, nebulosas... Ademais, coa axuda dun planisferio, os asistentes aprenderon a identificar as constelacións á primeira ollada. Como novidade este ano 2019 cada unha das vistas astronómicas tivo un carácter temático, facendo especial fincapé nalgún obxecto ou fenómeno astronómico.

**6 de xullo:** Xúpiter
**19 de xullo:** Saturno
**20 de xullo:** O Triángulo de Verán
**27 de xullo:** A Estrela Polar
**2 de agosto:** A Osa Maior
**3 de agosto:** Casiopea
**10 de agosto:** Hércules
**24 de agosto:** O Serpentario
**31 de agosto:** Pegaso
**7 de setembro:** A Lúa







# Preestrea mundial de *La Casa De Papel*

**DATAS:** 18 de xullo de 2019
**ESPAZOS:** Praza central
**ASISTENTES:** 1.805 persoas
**ORGANIZA:** Netflix

A través dun acordo con Netflix organizouse no recinto da Cidade da Cultura de Galicia a preestrea mundial da terceira tempada da serie **La Casa de Papel**, proxectando os dous primeiros capítulos da nova tempada un día antes de estar a disposición do público na plataforma. A convocatoria tivo unha magnífica acollida por parte dos seareiros da serie que acudiron de forma multitudinaria ao evento.









# As Nocturnas

**DATAS:** 29 e 30 de agosto e 5 e 6 de setembro de 2019
**ESPAZOS:** Museo Centro Gaiás. Andar 1
**ASISTENTES:** 120 persoas
**COLABORA:** Bodega Paco y Lola

A Cidade da Cultura volveu ofrecer unhas noites de verán diferentes no Museo Centro Gaiás. Con **As Nocturnas** ofertáronse unha serie de visitas comentadas á exposición **Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia** en grupos reducidos e fóra do horario habitual para rematar estas descubertas nunha conversa pausada, amenizada con música, viño e petiscos.

PROGRAMA
Xoves 29 de agosto | **Fernando Martínez (xoiería)**
MisterChocoDj (Hi-Fi:Wi-Fi)
Venres 30 de agosto | **Belén Sáenz-Chas (cestería)**
MisterChocoDj (Hi-Fi:Wi-Fi)
Xoves 5 de setembro | **María García-Alén (olería)**
DJ Amosa
Venres 6 de setembro | **Verónica Santos (comisaria de *Pensar coas mans*)**
DJ Amosa











# Audacia. Festival de artes e emprendemento

**DATAS:** 18 e 19 de outubro 2019
**ESPAZOS:** Museo Centro Gaiás. Andar -1, Hall de Tirantes, Sala Seminario
**ASISTENTES:** 1.700 persoas
**PROGRAMACIÓN XACOBEO 21**

Inspiración, casos de éxito, creatividade, formación, ideas de negocio... O **Festival de artes e emprendemento Audacia** arrincou por primeira vez neste 2019 no Gaiás para pór a disposición das persoas usuarias unha ampla descuberta de produtos, servizos, convocatorias e iniciativas relacionadas coa creación contemporánea e co emprendemento no eido creativo. Ao longo de dúas xornadas, no festival participaron artistas, persoas emprendedoras, alumnado de centros de ensino do ámbito artístico, así como representantes de museos, galerías de arte, academias, fundacións, universidades e outras institucións culturais neste primeiro gran festival de artes contemporáneas e de emprendemento de Galicia, que se inscribiu na programación do Xacobeo 2021. **Audacia** conformouse así como un espazo de intercambio no que descubrir ideas e procesos de traballo que poñen en valor a ousadía e o risco. E tamén no que artistas e profesionais interesados e interesadas no ámbito do emprendemento, da formación, da empresa ou da economía puideron establecer relacións que confirman e consolidan a utilidade das artes como actividade económica.

**Audacia Inspira. Charlas e casos de éxito:** dez experiencias inspiradoras de artistas de diferentes eidos que nos falaron da súa traxectoria, desde os seus procesos creativos, os comezos no mundo profesional, ou a superación de obstáculos e problemas.

**Audacia Emprende. Formación e consultoría:** Concibido e deseñado para emprendedores artísticos, este espazo ofreceu a oportunidade de validar unha idea de negocio con especialistas na materia e tamén de recibir unha formación express especificamente centrada en artes e o emprendemento.

**Audacia Música:** Unha actuación musical ou artística pechu cada unha das xornadas do evento. Foron experiencias de éxito e especialmente inspiradoras, baseadas en creacións artísticas arriscadas.

**Espazo Expositivo:** Área de stands.

# 02.07

# Patrocinios e Colaboracions

**O programa cultural da Fundación Cidade da Cultura conta para todas as súas actividades co patrocinio do Fondo Gaiás da Empresa Galega:**

· ABANCA
· AFUNDACIÓN
· INDITEX
· INVERAVANTE
· NATURGY
· FUNDACIÓN BARRIÉ
· BANCO SABADELL
· COREN
· CAMPO
· GADISA
· GRUPO NOSA – TERRA 21
· ASTILLEROS BARRERAS
· R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA
· MONBUS

**Ademais, en 2019 contouse co patrocinio e o apoio de:**

· Fundación Banc Sabadell
· Liga de Fútbol Profesional
· Fundación HispanoJudía
· Viaqua
· Grupo Mahou San Miguel – Cervezas Alhambra
· Afundación*
· Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)*
· Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música (INAEM)
· Instituto Camões
[*colaboración co Centro de Emprendemento]

**Outras entidades colaboradoras para o desenvolvemento de actos e actividades en 2019:**

· Centro Galego de Arte Contemporánea
· Concello de Santiago
· Centro Dramático Galego
· Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)
· Museo do Pobo Galego
· Consello da Cultura Galega
· Secretaría Xeral da Emigración
· COAG. Proxecto Terra
· Asociación Ludantia, Educación en Arquitectura para a Infancia e a Mocidade
· Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia
· Federación Galega de Bandas de Música
· Axencia Literaria Rolling Words
· Fundación Artesanía de Galicia
· Augas de Mondariz
· Petroni
· Federación Galega de Atletismo
· Fundación USC Deportiva
· Coca Cola Iberian Partners
· Observatorio Astronómico Ramón María Aller (USC)
· Bodegas Paco y Lola

# 03

# Emprendemento

O Centro de Emprendemento Cultural e Creativo (CEM) do Gaiás é un espazo destinado a potenciar a **incubación de empresas culturais, creativas e tecnolóxicas**, dinámicas, competitivas e innovadoras. Distribuído nun **espazo de coworking** e un **viveiro de empresas**, o CEM desenvolve o seu labor ao servizo dos emprendedores, para que leven a cabo a súa idea de negocio.

Desde a súa posta en marcha en 2012, o CEM ofrece un programa de titoría e acompañamento na posta en marcha de modelos de negocio, identificación de novas oportunidades e maduración de ideas empresariais, asesoría financeira, networking e showrooms. Ao mesmo tempo, desprega ao longo de todo o ano un amplo programa de actividades dirixido a crear cultura emprendedora en Galicia e a apoiar aos e ás emprendedoras á hora de materializar os seus proxectos, nunha contorna creativa, co asesoramento de expertos no sector cultural que multipliquen as súas posibilidades de éxito. En 2019, o CEM organizou **60 actividades** con arredor de **9.000 asistentes**.





# VII Premios Emprende Gaiás-Sixto Seco

Unha aplicación móbil especializada en música galega e un novo e innovador deseño de guitarra eléctrica foron os proxectos galardoados na **VII edición dos Premios Emprende Gaiás – Sixto Seco** ás mellores ideas emprendedoras do ano no sector das industrias culturais e creativas. Os galardóns, que impulsa a Xunta de Galicia a través da Fundación Cidade da Cultura, contaron co patrocinio de Afundación e a colaboración do Igape.

**A través dos Premios Emprende Gaiás – Sixto Seco**, a Fundación Cidade da Cultura e a Xunta de Galicia apostan por apoiar os emprendedores e emprendedoras galegas desde que dan os seus primeiros pasos. Cada proxecto galardoado recibe un premio en metálico –3.000 euros para cada modalidade– e a posibilidade de incorporarse de balde e durante un ano ao coworking do Centro de Emprendemento Creativo da Cidade da Cultura, que forma parte da rede de aceleradoras impulsada polo Goberno galego. Os emprendedores e emprendedoras dispoñen no coworking do Gaiás dun espazo de traballo para lanzar os seus proxectos, beneficiándose dun ambiente de traballo innovador e cooperativo e dun programa de titoría personalizado que lles servirá de guía para transformar as súas ideas en empresas sostibles e competitivas

PREMIADOS:

Modalidade A

**Proxectos en internet e aplicacións informáticas do sector Cultural.**

Germán Cacheda de Paz e Xavier Facal, co proxecto GMusic, para o desenvolvemento dunha app móbil especializada en música feita en Galicia.

Modalidade B

**Ideas emprendedoras no campo do deseño, a xestión cultural ou a creación artística e plástica.**

Martín Gómez Domínguez co proxecto de creación dunha guitarra eléctrica innovadora no seu deseño e prestacións, con pastillas móbiles.



**Conferencia de Estrella Montolío**

O acto de entrega dos galardóns, celebrado o 21 de novembro, contou coa participación do secretario xeral técnico da Consellería de Cultura e Turismo, Manuel Vila; do director xeral de Políticas Culturais, Anxo M. Lorenzo; a coordinadora de Educación de Afundación, Carlota Sánchez-Montaña Puga; e o director do Igape, Juan Cividanes. Para finalizar a xornada, a lingüista, divulgadora e especialista en comunicación no ámbito profesional, Estrella Montolío Durán, impartiu unha conferencia titulada *O poder da conversa: comunicar para emprender*. Nela deu algunhas claves para reflexionar e manexar mellor a propia imaxe persoal a través do intercambio comunicativo máis habitual no noso día a día: as conversas cotiás.








# II CreaGaiás

O 11 de abril a Cidade da Cultura acolleu a segunda edición do **CreaGaiás**, unha xornada lúdico-formativa que procura potenciar o emprendemento e a creatividade así como darlle visibilidade ás empresas e proxectos residentes no Centro de Emprendemento do Gaiás e ás persoas emprendedoras e profesionais do sector creativo en xeral. Por iso, a xornada estaba especialmente dirixida a  profesionais do sector, así como a público interesado en aprender sobre imaxe na contorna dixital ou en coñecer de primeira man as empresas residentes no Centro de Emprendemento.

O evento incluíu un mercado creativo, dous obradoiros dirixidos a emprendedores e creadores sobre fotografía con teléfonos móbiles e ioga e hixiene postural na contorna profesional, así como un faladoiro e concerto acústico do dúo xixonés *Pauline en la Playa*, que esta primavera lanzaron un novo traballo discográfico. Completaron o programa unha sesión con Rapariga DJ e unha zona de networking e foodtrucks.





## Certames de fotografía

Como prólogo da xornada, puxéronse en marcha dous certames de fotografía co emprendemento como eixo. Un deles de reportaxes fotográficas, dirixido a estudantes e fotógrafos non profesionais; e outro dirixido a *instagramers* de toda Galicia animándoos a publicar todo tipo de imaxes relacionadas co emprendemento.

No certame resultou gañador o traballo fotográfico colectivo dos participantes do programa #Go2Work –o espazo de coworking impulsado pola EOI e o Igape coa colaboración do Centro de Emprendemento do Gaiás, dirixido a proxectos emprendedores das industrias culturais e tecnolóxicas nas primeiras fases de desenvolvemento–. Este grupo de alumnos e alumnas retratou en sete imaxes e dun xeito creativo e desenfadado o seu día a día no programa, reportaxe que lles valeu seren galardoados cun premio de 1.200€. Na outra modalidade do concurso, desenvolvida a través da rede social Instagram, foi premiada con 300€ unha instantánea do fotógrafo amador Iago Rodríguez Palmeiro, na que retratou a conciliación como a cara oculta do emprendemento.

**CreaGaiás** é un proxecto organizado pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a empresa de xestión cultural Correveydile. Conta coa colaboración da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo e a empresa Daveiga.












# V Maker Faire Galicia

**Maker Faire** é a maior feira de inventores e inventoras do mundo, un escaparate para a creatividade e o enxeño, pensado para todos os públicos e disciplinas, como gastronomía, robótica, mecánica, ciencia, arte urbano, música, electrónica ou artesanía; un lugar para compartir coñecemento, descubrir proxectos fascinantes, facer contactos profesionais e dar a coñecer o movemento *maker*.

Nesta edición, o encontro incluíu tres xornadas enfocadas ao público profesional –que se celebraron o 3, 4 e 5 de xullo no edificio CINC da Cidade da Cultura– centradas en temáticas clave para o futuro da industria e a innovación como mobilidade, enerxía, intelixencia artificial, robótica, ciberseguridade, open data ou emprendemento. A fin de semana –6 e 7 de xullo– abríronse as portas do Museo Centro Gaiás para o público xeral, cunha programación para a cativada, familias e maiores que incluíu obradoiros, charlas, actuacións ou campionatos, entre outras moitas actividades programadas para sorprender os visitantes.

Calcúlase que nesta cuarta edición visitaron a feira mais de 6.000 persoas ao longo dos cinco días. A celebración da **Maker Faire** forma parte do acordo entre a Fundación Cidade da Cultura e o Concello de Santiago de Compostela para a promoción do Gaiás como un centro de innovación empresarial no ámbito das industrias creativas.











# II Atlantic Emprende + Gaiás

Un encontro entre profesionais, emprendedores/as, empresas e estudantes para analizar as transformacións e desafíos do sector musical.

Que agardan as marcas dun evento? Como se consume música a día de hoxe? Quen decide o que escoitamos? Sabemos aproveitar todas as posibilidades das redes sociais? Como lles afectan os festivais aos territorios que os acollen? Cales son as claves para manter carreiras de longa duración? Como debe afrontar un artista unha entrevista difícil?

A segunda edición do **Atlantic Emprende + Gaiás** convidou a atopar respostas a estas cuestións da man de recoñecidos produtores/as, managers e xornalistas, nunha xornada con concertos das bandas galegas Mordem e Marem Ladson; cunha exposición do deseñador de carteis musicais Xavier Forné; e cunha cita gastronómica da man de Luis Veira, galardoado cunha estrela Michelin.

Preto de 300 profesionais, estudantes e emprendedores da industria musical reuníronse na Cidade da Cultura para coñecer mellor a realidade do sector e explorar novos mercados e liñas de negocio.

# Xornadas InquEDU

Ao longo das dúas xornadas do encontro, arredor de 700 rapaces e rapazas de 14 centros de ensino, acompañados dos seus docentes, participaron neste evento para compartir iniciativas e proxectos innovadores realizados na aula, así como fomentar a convivencia entre os centros educativos, procedentes de diferentes puntos de Galicia.




Así, o Museo Centro Gaiás converteuse nun espazo para coñecer diferentes proxectos realizados ao longo do curso –presentados no escenario polos propios rapaces e rapazas– que destacasen pola promoción do uso do galego entre o alumnado dos centros de ensino, a través de abordaxes lúdicas e empregando formatos creativos como xogos de creación propia, regueifas, improvisación oral, curtametraxes, sketches ou concursos. O encontro buscou ademais impulsar as competencias orais activas do alumnado a través do concurso escolar ComunicaTedu, promovido pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

O programa do InquEDU incluíu tamén unha exhibición de breakdance por parte da asociación cultural e deportiva Vella Escola, unha mostra de pintura urbana a cargo de Joseba Muruzábal –autor dos coñecidos murais xigantes coas 'super-avoas' como protagonistas-, un obradoiro didáctico de divulgación, con alta dose de humor, de Vicente Mohedano  ou un show de Turntablism Dj a cargo novamente da asociación cultural e deportiva Vella Escola de Noia.

# WOS Talks x Fest Galicia 2019

A Cidade da Cultura de Galicia colaborou un ano máis co WOS Festival, un dos festivais máis vangardistas da escena musical que se celebra desde hai seis anos en Santiago de Compostela e no que a Cidade da Cultura participa sempre con xornadas e faladoiros. Os desta edición tiveron lugar nunha única xornada baixo o paraugas nominal de **WOS Talks x Fest Galicia 2019**.

O programa incluíu poder coñecer o proceso de creación de Renick Bell, programador e músico asentado en Toquio que leva máis dunha década de investigación na que música electrónica e intelixencia artificial conversan entre si. Estivo acompañado nesta presentación por Cristina Checa, directora de proxectos en SokoTech, un laboratorio de innovación social especializado en arte, ciencia e tecnoloxía.

Ademais deste referente na experimentación actual entre a música electrónica e a intelixencia artificial, o encontro contou coa participación de Drew McDowall, un pioneiro do desenvolvemento das primeiras vangardas musicais en Europa a partir da asimilación dos códigos punk. Antes dos encontros con Renick Bell e Drew McDowall, os **WOS Talk x Fest Galicia 2019** abriron cunha mesa redonda ao redor do futuro dos festivais musicais.

WOS foi seleccionado como o mellor festival Indoor europeo de 2018 nos European Festival Awards, galardoado co premio nacional á mellor Promoción Turística nos Iberian Festival Awards 2018, e destacado entre os dez mellores proxectos galegos de 2018 no informe Observatorio da Cultura de Fundación Contemporánea.






# Colaboración con asociacións empresariais

A Cidade da Cultura colabora coa Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia (AJE). O convenio establece que AJE Galicia conta cun espazo de balde no CEM, con acceso a todos os servizos e infraestruturas do centro, onde a asociación vén organizando actividades para impulsar a creación e consolidación de novas empresas galegas. Este lugar serve tamén de sede para a delegación da AJE en Santiago de Compostela. Pola súa banda, á asociación correspóndelle a promoción entre os seus afiliados das actividades que se programan no CEM, así como a realización de encontros, accións formativas e de ampliación da rede de contactos tanto das empresas asociadas como daquelas que se atopan no coworking e no viveiro de empresas do Gaiás.



# Programa de Creación de Empresas Culturais Go2Work

O plan integral de apoio a emprendedores do programa de creación de empresas culturais **Go2Work** beneficiou durante este ano, na súa cuarta e quinta edición, a 44 empresas culturais e tecnolóxicas de nova creación.

Esta iniciativa é froito da colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Escola de Organización Industrial (EOI).

Os proxectos beneficiados accederon a sesións informativas, titorías e networking, que culminaron cun Demo Day no que cada participante presentou a súa iniciativa. Os Demo Day deste ano celebráronse o 3 de xullo e o 15 de novembro, reunindo arredor de 300 asistentes.






# Servizo de titoría do CEM

A Cidade da Cultura reforzou en 2019 o seu programa de titoría para as empresas do CEM. O servizo inclúe formación e asesoramento a emprendedores das industrias culturais e creativas en áreas como a busca de financiamento, a presentación de proxectos, a definición do modelo de negocio, habilidades directivas e ferramentas de venda e mercadotecnia cos programas de creación de empresa da Escola de Organización Industrial e da Cámara de Comercio.







# Curso de Transformación dixital, xestión empresarial e emprendemento nas industrias culturais e creativas

Programa formativo co obxectivo de proporcionar unha visión global daqueles sectores que teñen como finalidade principal a produción ou a comercialización de bens, servizos e actividades de contido cultural, artístico ou patrimonial.

Os participantes no programa axustáronse aos seguintes perfís:

· Participantes menores de 30 anos que non se atopan empregados nin participan nos sistemas de educación ou formación, vinculados ao mundo cultural e con interese en coñecer a importancia das industrias culturais e creativas.

· Emprendedores/as cunha idea de negocio que desexen realizar un proxecto viable de creación de empresa cultural para a súa posterior posta en marcha.

O programa de **Transformación dixital, xestión empresarial e emprendemento nas industrias culturais e creativas** foi organizado pola Cámara de Comercio de Santiago, en colaboración coa Fundación Incyde e co cofinanciamento da Xunta de Galicia a través Fundación Cidade da Cultura de Galicia e do Fondo Social Europeo.





# 04

# Biblioteca de Galicia

A Biblioteca de Galicia é a cabeceira do sistema galego de bibliotecas, o que a converte en centro de referencia para todos os que integran a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. Desde o seu emprazamento na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela, a Biblioteca de Galicia tamén ten como función ser o nexo de unión con outros ecosistemas bibliotecarios tanto a nivel nacional como internacional.

En 2019, a Biblioteca de Galicia adquiriu un total de **693 novas unidades bibliográficas** e realizou traballos de dixitalización que levaron a superar os **dous millóns de páxinas dixitalizadas** e a que a súa colección hemerográfica dixital se incrementase en máis de **150.000 imaxes**. As actuacións de catalogación e recollida de datos impulsadas pola entidade permitiron tamén tratar máis de **4.290 ítems** pertencentes ao patrimonio bibliográfico galego. Ademais, durante o 2019 programáronse un total de cinco mostras bibliográficas, 21 actividades dirixidas a público xeral -como obradoiros, contacontos ou obras de teatro-, dúas xornadas técnicas e outras actividades específicas –como visitas guiadas– vinculadas aos días que poñen en valor os lectores e as bibliotecas.







# Conservación e difusión do patrimonio bibliográfico galego

Segundo establece a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, a Biblioteca de Galicia ten, entre outros fins, o de recuperar, recoller, conservar, enriquecer e difundir o patrimonio bibliográfico de Galicia, a produción bibliográfica galega e a relacionada co ámbito lingüístico e temático galego. Ademais, o artigo 10 da citada lei establece que debe formar e dar a coñecer unha colección de publicacións de interese pola súa relación con Galicia.

Estas condicións fan que sexa unha biblioteca orientada de xeito preferente aos investigadores, aos estudosos e a aquelas persoas que están interesadas na cultura e nas letras galegas. A constitución e desenvolvemento dunhas coleccións de calidade, equilibradas, actualizadas e adecuadas aos seus fins é un labor fundamental que desenvolve o persoal técnico da Biblioteca de Galicia.

Entre as responsabilidades da Biblioteca de Galicia non só está a de conservar o patrimonio bibliográfico galego, senón tamén a de difundilo e facilitarlle o acceso a toda a cidadanía. No sitio web bibliotecadegalicia.xunta.gal pódese consultar libremente o catálogo dos fondos que custodia a biblioteca, entre os que se atopan tanto coleccións cedidas por institucións e persoeiros determinantes da sociedade galega (ABANCA Corporación Bancaria S.A., Isaac Díaz Pardo, …), como fondos propios adquiridos ao longo dos seus anos de existencia, e entre os que se atopa, por exemplo, unha das coleccións de prensa histórica máis completa da nosa comunidade autónoma. Na súa páxina web tamén está accesible toda a información sobre os servizos e actividades que desenvolve a biblioteca.

A súa presenza na Internet compleméntase co sitio web de Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia (biblioteca.galiciana.xunta.gal), que dá acceso, non só aos fondos dixitalizados da propia Biblioteca de Galicia, senón tamén aos dalgunhas das institucións da memoria máis importantes do país, como o Museo do Pobo Galego, a Fundación Penzol ou a Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela.

# Galiciana-Biblioteca dixital de Galicia

Xestionada pola Biblioteca de Galicia, Galiciana-BDG é o escaparate que permite a toda a cidadanía acceder aos fondos históricos ou de interese público dixitalizados nalgunhas das institucións da memoria máis destacadas de Galicia. O incremento anual das coleccións dixitais de Galiciana-BDG realízase grazas ao compromiso constante da Consellería responsable da área de Cultura desde o ano 2008.

O proxecto de Galiciana-BDG compleméntase co de Galiciana-Arquivo Dixital de Galicia, responsable de dar acceso aos fondos dixitalizados dos arquivos galegos, e xestionado polo Arquivo de Galicia. Ambos forman parte de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, a gran plataforma de consulta do patrimonio cultural galego dixitalizado. Ademais, as coleccións de Galiciana-BDG son recolectadas por Hispana e Europeana, os dous grandes agregadores a nivel nacional e europeo, o que permite que cheguen a máis usuarias e usuarios.

Os traballos de dixitalización impulsados pola Biblioteca de Galicia durante o 2019 tiveron como resultado que neste ano se superasen os dous millóns de páxinas dixitalizadas. A colección hemerográfica de Galiciana-BDG incrementouse en máis de 150.000 imaxes grazas aos procesos de transformación a formato dixital de 8.689 números do diario *El Progreso*, publicados entre os anos 1941 a 1967, e de 8.274 de *El Correo Gallego* entre 1940 e 1955. Tamén se dixitalizaron 2.439 números de *El Pueblo* gallego dos anos 1971 a 1979, o que fixo que esta cabeceira estea xa dixitalizada de forma completa na Biblioteca Dixital de Galicia. A sección de monografías tamén aumentou o seu número de imaxes coa dixitalización de obras tan destacadas como as pertencentes ao fondo Manuel Chamoso Lamas, propiedade da Biblioteca de Galicia.  A gran maioría dos contidos dixitais que se poden consultar en Galiciana-BDG son de acceso libre debido a que son dixitalizacións realizadas sobre obras en dominio público ou cuxos dereitos de difusión están baixo a responsabilidade da Xunta de Galicia.



Ademais de manter actualizados ou renovar os contidos dos micrositios estables de Galiciana-BDG, que permiten dar visibilidade a determinados temas ou institucións presentes na súas coleccións, neste ano 2019 púxose en marcha o proxecto de crear un novo micrositio co título de *Grandes clásicos da literatura galega*. A Biblioteca de Galicia considerou que sería enriquecedor para Galiciana-BDG incluír novos formatos, como o ePub, co obxectivo de favorecer a difusión das obras patrimoniais galegas e facilitar o acceso á información dos usuarios desde diferentes dispositivos.

Este proxecto púxose en marcha sobre unha pequena selección de obras clásicas da literatura galega coa intención de seguir ampliando esta colección nos próximos proxectos de dixitalización impulsados desde a Dirección Xeral de Políticas Culturais. En total foron 16 as obras convertidas a formato ePub, o que permite a súa lectura nos múltiples dispositivos cos que é compatible este formato (tabletas, e- readers, móbiles, ...) e a súa descarga libre e gratuíta. Para esta colección de obras en formato ePub seleccionáronse títulos de 6 autores fundamentais na historia da literatura galega: Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Marcial Valladares, Lamas Carvajal e Sofía Casanova. Dos grandes autores do Rexurdimento, Rosalía, Pondal e Curros, transformáronse a formato ePub os seus títulos máis significativos e procurouse tomar como referencia as primeiras edicións desas obras.









# Adquisicións bibliográficas

As coleccións da Biblioteca de Galicia atópanse en continuo crecemento. A finalidade de conseguir conservar, polo menos, un exemplar de todo o publicado, impreso, producido ou gravado en Galicia ou relacionado con Galicia polo idioma, autoría ou temática, ten como consecuencia que se manteña ano a ano unha política de adquisicións baseada en criterios de calidade dos contidos e de utilidade para os usuarios.

Tendo sempre presente eses criterios, en 2019 a Biblioteca de Galicia adquiriu un total de 693 novas unidades bibliográficas que veñen a completar lagoas existentes nos seus fondos. Entre esas adquisicións, que responden a diferentes tipoloxías documentais, pódense destacar libros artísticos publicados por editoriais galegas, como *Sempre marzo* ou *Rosalía: unha voz universal*, un volume facticio con partituras datadas entre finais do século XIX e principios do XX ou un lote de debuxos do caricaturista coruñés Lino González Rubido.

As compras realizadas para incrementar a colección da Biblioteca de Galicia tamén incluíron obras de importantes escritores galegos, como Wenceslao Fernández Florez, Manuel Linares Rivas ou Valle Inclán, co obxectivo de completar as bibliografías destes escritores e ofrecer así un servizo de maior calidade aos seus usuarios








# Catalogacións

Durante o ano 2019 a Biblioteca de Galicia continuou coa súa política de promover diversas actuacións de catalogación e de recollida de datos de fondos pertencentes a bibliotecas galegas para incorporalos aos catálogos colectivos da Rede de Bibliotecas de Galicia e do Patrimonio Bibliográfico (CCPB) do Estado español. O proxecto que se puxo en marcha en marcha nos meses finais do ano terá continuación nos primeiros meses de 2020.

Neste novo proxecto de catalogación o obxectivo foi completar ou continuar coa descrición dos fondos das bibliotecas nas que xa se comezaran estes traballos no 2018, isto é a Biblioteca Pública de Lugo e a Biblioteca do IES Lucus Augusti, tamén da cidade de Lugo. Durante o 2019 na primeira delas reforzouse e mellorouse a catalogación de 973 rexistros do seu fondo antigo, mentres que na Biblioteca do IES Lucus Augusti realizouse a descrición bibliográfica e/ou de exemplar de 1.085 obras da súa colección patrimonial.

Na propia Biblioteca de Galicia tamén se levaron a cabo tarefas de catalogación e de mellora na recollida de datos dos seus fondos. No ano 2019 os traballos centráronse en dous eidos: por un lado, mellorouse a calidade dos datos de 1.118 rexistros bibliográficos do CCPBG unificado integrado en Galiciana desde 2018 e, polo outro, catalogáronse 1.121 novas obras do fondo moderno da doazón feita á Biblioteca de Galicia polo bibliófilo José Luis Basanta.

En total, as actuacións de catalogación e recollida de datos impulsadas pola Biblioteca de Galicia no 2019 permitiron tratar máis de 4.290 ítems pertencentes ao patrimonio bibliográfico galego.

# Exposicións

Para a Biblioteca de Galicia é importante cumprir coa súa función de preservar o patrimonio bibliográfico de todos os galegos, pero tamén o é que todos os cidadáns poidan coñecer e acceder aos importantes fondos que custodia. Para facelo, deseña anualmente un programa expositivo para difundir entre a poboación galega as pezas bibliográficas máis destacadas dos seus depósitos. Durante o 2019 programáronse un total de cinco mostras bibliográficas.

## Primores do múltiplo: encadernación e coleccionismo na Biblioteca de Galicia

**DATAS:** do 21 de novembro de 2019 a xuño de 2020

Con esta exposición a Biblioteca de Galicia quere poñer en valor un elemento determinante dos libros que custodia e que habitualmente pasa desapercibido. Trátase das encadernacións que protexen eses libros e que en moitas ocasións pódense considerar obras artísticas en si mesmas.

*Primores do múltiplo: encadernación e coleccionismo na Biblioteca de Galicia* propón ao visitante unha aproximación á técnica da encadernación, tanto desde o punto de vista de quen elixiu para as súas bibliotecas privadas determinadas creacións coas que se consideraron identificados, como desde a perspectiva editorial que escollía determinados estilos de encadernación como forma de identificar as súas coleccións.





## Federico Ribas: as liñas da beleza

**DATAS:** do 25 de xaneiro ao 7 de marzo de 2019

O Día da Ilustración é unha xornada promovida pola Consellería de Cultura e Turismo en colaboración coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI). Cada ano seleccionase un ilustrador ao que homenaxear, e no 2019 o elixido foi o vigués Federico Ribas. A mostra recolleu documentos, libros, imaxes e obras do homenaxeado que forman parte da colección da Biblioteca e Arquivo de Galicia.




## Descubrindo obras singulares da Biblioteca de Galicia

**DATAS:** do 22 de abril ao 14 de maio de 2019

Con motivo da celebración do Día do Libro o 23 de abril, a Biblioteca de Galicia quixo poñer en valor algunhas das obras que custodia. Nesta mostra bibliográfica expúxose unha pequena colección de títulos que foron seleccionados polos técnicos da biblioteca co obxectivo de mostrar aquelas obras que puidesen resultar máis atraentes para os seus usuarios. Entre as obras expostas estivo o incunable máis antigo da biblioteca, e por tanto o impreso máis antigo, *Sermones de patientia in Job*, ou a edición facsimilar máis pequena da biblioteca, o *Libro de Horas de Doña Mencía de Mendoza*.

## Antonio Fraguas na Biblioteca de Galicia

**DATAS:** do 16 de maio ao 22 de outubro de 2019

A Biblioteca de Galicia quixo contribuír á conmemoración do Día das Letras Galegas 2019, adicado a Antonio Fraguas Fraguas, cunha exposición das obras custodiadas na biblioteca deste prolífico autor. A mostra tratou de achegar aos visitantes á figura de Fraguas como historiador e xeógrafo, coa presenza de obras como *Geografía de Galicia*, título de referencia aínda hoxe para calquera estudo sobre este tema publicado en 1953. As facetas de Fraguas como articulista, conferenciante e divulgador tamén estiveron reflectidas nesta mostra bibliográfica, xa que un dos obxectivos deste incansable estudoso da cultura galega ao longo de toda a súa vida foi o de dar a coñecer a cultura da nosa terra. Tamén se puideron ver algunhas das obras máis importantes de Antonio Fraguas como etnógrafo e antropólogo xa que o homenaxeado do 2019 foi, sen ningunha dúbida, un dos grandes nomes da antropoloxía e etnografía galegas.






## Querida biblioteca

**DATAS**: do 24 de outubro de 2019 ao 29 de febreiro de 2020

Aproveitando a conmemoración do Día das Bibliotecas, a Biblioteca de Galicia pretendeu poñer en valor outros materiais custodiados nas súas coleccións. As bibliotecas non só deben conservar e dar acceso aos libros e os xornais que conteñen o acervo cultural dun pobo. Tamén merecen ser preservados outros formatos que achegan información máis aló da lectura. Un deles son as tarxetas postais, hoxe cada vez menos utilizadas, pero que desde finais do século XIX foron o medio por excelencia para transmitir mensaxes máis curtos, informais e afectuosos. Ademais, os seus anversos, con fotografías ou debuxos, conteñen un gran valor documental. Esta exposición quixo ser un pequeno reflexo das máis de 3.000 tarxetas postais que conserva a Biblioteca de Galicia, unha parte importante delas impresas antes de 1958.













# Actividades para celebrar datas sinaladas

No 2019 a Biblioteca de Galicia tamén contou cunha serie de actividades de dinamización cultural destinadas ao público xeral co obxectivo de difundir as efemérides do *Calendario do libro e a lectura*, así como as exposicións que se levan a cabo na biblioteca.

O *Calendario do libro e da lectura*, cuxa publicación se impulsa desde a Dirección Xeral de Políticas Culturais, marca os días máis importantes do ano vinculados ao libro e a lectura. Ao abeiro destas datas, celebráronse 18 obradoiros de temática variada, 1 contacontos musicalizado, 2 obras de teatro, unha delas facéndoa coincidir coa celebración do Día Mundial do Teatro, e un concerto no auditorio Neira Vilas para a conmemoración do Día Internacional da Música. Foron un total de 21 actividades dirixidas a todo tipo de público, aínda que se tentou prestar especial atención ao público infantil e xuvenil.

Por outra banda, tamén se realizaron actividades específicas vinculadas aos días que poñen en valor os lectores e as bibliotecas. Nos días do Usuario/a das Bibliotecas (11 de xaneiro), do Libro Infantil e Xuvenil (2 de abril) e do Libro (23 de abril), a Biblioteca de Galicia ofreceu visitas guiadas gratuítas polas súas instalacións e agasallou aos seus visitantes cun libro. Ademais da mostra bibliográfica deseñada especificamente para esa efeméride, o Día das Letras Galegas celebrouse con outras actividades, como o obradoiro *En carro polo Gaiás. Xogando coa tradición*, todas elas vinculadas á figura de Antonio Fraguas Fraguas.



# Xornadas técnicas

O actual programa de xornadas técnicas impulsadas desde a Biblioteca de Galicia leva organizándose de xeito ininterrompido desde 2017. Cada ano póñense en marcha dúas xornadas, unha no primeiro semestre do ano, habitualmente no mes de xuño, mentres que a correspondente ao segundo semestre celébrase no mes de decembro. Os temas seleccionados para cada unha delas teñen como obxectivo achegar aos asistentes as novidades nos procedementos e metodoloxías que están xurdindo na ámbito das bibliotecas, así como explorar os puntos de confluencia que se están a dar entre bibliotecas, arquivos e museos, ou tratar de achegar outras realidades bibliotecarias que poden ter menos relevancia social. Tampouco se quere deixar á marxe destas xornadas os intereses dos usuarios, tanto de investigadores e estudosos como de público en xeral, xa que o fin último das bibliotecas é a satisfacción das demandas de información e coñecemento dos cidadán.

Neste ano 2019 o título da xornada do primeiro semestre foi **Bibliotecas especializadas e Centros de documentación**. Celebrada o día 21 de xuño no Auditorio Neira Vilas da biblioteca, nela estiveron presentes algunhas das institucións que responden a esta tipoloxía máis importantes do noso país, como a Biblioteca do Museo do Prado, a Biblioteca do Congreso dos Deputados ou o Centro de Documentación de RTVE. O obxectivo foi achegar aos bibliotecarios galegos como son as coleccións que xestionan, que servizos ofrecen, que tipo de usuarios acoden a elas ou que retos deberán afrontar no futuro.

A segunda xornada do ano 2019 tivo lugar o 13 de decembro baixo o título **RDA: estado da cuestión**. Aínda que este código de catalogación está publicado desde o ano 2010, a súa adaptación nas bibliotecas españolas non termina de poñerse en marcha. A Biblioteca Nacional de España, a Biblioteca de Catalunya ou a Biblioteca da Universitat de les Illes Balears son das poucas institucións que están a facer esforzos reais para tratar de implementar RDA nos seus procesos de catalogación. Na xornada organizada pola Biblioteca de Galicia estiveron presentes representantes destas tres institucións, tratando de achegar aos asistentes como é o proceso de desenvolvemento das normas RDA nas súas bibliotecas, as facilidades e dificultades que se están atopando e que obxectivos se están a marcar nos próximos anos. Para completar a xornada buscouse a colaboración das bibliotecas das tres universidades galegas, así como do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia. Nunha mesa de debate, na que tamén estiveron representantes da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e da propia Biblioteca de Galicia, tratouse de expoñer, non só cal é o grado de implantación deste novo código de catalogación nas bibliotecas galegas, senón tamén ata que punto a colaboracións entre todas as institucións bibliotecarias da nosa comunidade será imprescindible para que o proceso de adaptación a RDA sexa satisfactorio, tanto para os profesionais que traballan nelas como para os usuarios.

# 05
# Arquivo de Galicia

Desde a súa creación no ano 2010 (Decreto 207/2010, do 10 de decembro) o Arquivo de Galicia, que ocupa xunto á Biblioteca de Galicia un dos edificios do complexo da Cidade da Cultura, exerce un relevante papel como arquivo intermedio e histórico do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia e como coordinador do Sistema de Arquivos de Galicia.

Contribuir á mellora da xestión documental, entendida como o conxunto de funcións, actividades e procesos que se aplican aos documentos producidos pola Xunta de Galicia desde o momento da súa creación e non únicamente na fase final do seu ciclo vital é un dos seus obxectivos estratéxicos. A xestión documental, especialmente a electrónica, esixe actuacións transversais que afectan a toda a organización. Por iso podemos dicir que sen unha boa xestión documental non pode haber unha boa xestión administrativa.

Durante o ano 2019, o Arquivo de Galicia realizou diferentes accións para desenvolver aqueles procesos que constitúen a xestión documental da Administración autonómica, así como outras encamiñadas á conservación e á difusión do patrimonio documental de Galicia e á formación continua dos profesionais encargados de xestionalo.




XUNTA
G2447
14688
A.X.G.
G2448
G2449
G2450
G2451
G2438
G2439
G2440
G2441
G2442
14678
G2433

# A xestión documental

Durante o ano 2019 o Arquivo de Galicia engadiu 385,365 m.l. ao volume de documentos que ten baixo a súa custodia, procedentes dos servizos centrais das distintas consellerías da Xunta de Galicia. Realizou 735 préstamos de documentos a diversas unidades que os precisaron para a súa xestión, incorporou 59.736 novos rexistros descritivos aos seus sistemas de información e deu resposta ás consultas de 329 usuarios.

Máis alá desta actividade o Arquivo levou a cabo outras tarefas cun forte impacto na xestión documental da Xunta de Galicia, que se concretan na realización de seis estudos de identificación e valoración de series documentais. Seguiuse tamén avanzando no desenvolvemento do cadro de **clasificación funcional da Xunta de Galicia** e na actualización, en coordinación coa Amtega, dos datos do I**nventario de información Administrativa da Xunta de Galicia** (a día de hoxe están cargados 6.732 procedementos codificados e 4.830 series, das que 198 foron incorporadas este ano), ambas ferramentas fundamentais para o desenvolvemento da Administración electrónica.

Máis alá destas actuacións participou de forma activa en grupos de traballo e órganos colexiados estreitamente relacionados co impulso da xestión documental.

## O Consello de Avaliación Documental de Galicia

E o órgano colexiado consultivo e de asesoramento para o estudo e ditame sobre as cuestións relativas á cualificación e utilización dos documentos producidos, recibidos ou acumulados no exercicio das súas funcións polas institucións, administracións e organismos públicos e polas empresas e entidades deles dependentes, así como a súa integración nos arquivos e ao réxime de acceso e inutilidade administrativas de tales documentos no ámbito do Sistema de Arquivos de Galicia. No ano 2019 ditaminou favorablemente 16 estudos de identificación, valoración e selección de series documentais do ámbito da Administración local, autonómica e das universidades e 6 propostas de eliminación de fraccións de series correspondentes á Administración autonómica.

| ESTUDOS DE IDENTIFICACIÓN, VALORACIÓN E SELECCIÓN | | |
|---|---|---|
| CÓDIGO | TÍTULO DA SERIEAL | ADMINISTRACIÓN |
| AL 212 | Expedientes de expropiación forzosa | LOCAL |
| AL 236 | Licenzas de obras menores | LOCAL |
| AL 594 | Padróns do imposto sobre circulación de vehículos | LOCAL |
| AL 545 | Expedientes do imposto sobre circulación de vehículos | LOCAL |
| AL 595 | Padróns e listas cobratorias de taxas e prezos públicos | LOCAL |
| AL 552 | Expedientes de taxas e prezos públicos | LOCAL |
| AP 5 | Resolucións presidenciais | LOCAL |
| AP 14 | Mocións | LOCAL |
| AP 13 | Expedientes de constitución da corporación | LOCAL |
| U001 | Expedientes de xestión do gasto e do pagamento | UNIVERSITARIA |
| U002 | Expedientes de modificacións orzamentarias | UNIVERSITARIA |
| U003 | Expedientes de bolsas de carácter xeral do ministerio | UNIVERSITARIA |
| U004 | Expedientes de bolsas propias da universidade. Bolsas comedor | UNIVERSITARIA |
| U005 | Expedientes de bolsas propias da universidade. Bolsas comedor | UNIVERSITARIA |
| AA1305 | Expedientes de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas. | AUTONÓMICA |
| AA4947 | Expedientes de procesos selectivos de acceso do persoal estatutario do sistema público de saúde. | AUTONÓMICA |
| PROPOSTAS DE ELIMINIACIÓN | | |
| CÓDIGO | TÍTULO DA SERIE | ADMINISTRACIÓN |
| T014. Serie AA0268 | Expedientes de concursos de traslados do persoal docente de ensinanzas medias. | AUTONÓMICA |
| T016. Serie AA1307 | Expedientes de axudas para actividades de formación do alumnado en linguas estranxeiras | AUTONÓMICA |
| AA1305 | Expedientes de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas. | AUTONÓMICA |
| AA4947 | Expedientes de procesos selectivos de acceso do persoal estatutario do sistema público de saúde | AUTONÓMICA |
| T017: Serie: AA635 | Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte usados entre particulares | AUTONÓMICA |
| T018: Serie: AA3335 | Expedientes de permiso de explotación a pé de recursos mariños. | AUTONÓMICA |

A aprobación, destas propostas supuxo a posibilidade de eliminar de forma controlada, conforme ao procedemento establecido legalmente un volume de 1.345,5 m. de documentación (11.700 u.i.)



## O Consello de Arquivos de Galicia

É o órgano asesor e consultivo fundamental para ditaminar cuestións de tanta transcendencia como as normas técnicas ás cales se debe axustar a xestión documental dos axentes do Sistema de Arquivos de Galicia, as referidas á integración de arquivos no sistema, o réxime de protección de bens que sexan patrimonio documental galego, as políticas de arquivos da Xunta de Galicia, así como o funcionamento e a mellora do Sistema de Arquivos de Galicia.

Na sesión que tivo lugar o 6 de xuño do ano 2019 foi presentada a **Estratexia da Cultura Galega 21**, un documento que recolle as principais liñas de actuación e as prioridades da política cultural de Galicia durante os próximos anos; a metodoloxía para a elaboración do **Plan de Arquivos de Galicia**, partindo dos presupostos establecidos polo Grupo de traballo constituído dentro deste Consello para tal fin; a **declaración do Arquivo fotográfico Vida**l, custodiado no arquivo municipal do Concello de Laxe, como **Ben de Interese Cultural**; a presentación dun **modelo de acta de eliminación de documentos**, unha vez aprobada a súa eliminación polo Consello de Avaliación Documental de Galicia; a presentación dun informe sobre a execución do **Plan de dixitalización de fondos documentais de Galicia**; e a presentación da nova proposta de **cadro de clasificación funcional dos documentos producidos pola Xunta de Galicia**, unha evolución do que fora elaborado no ano 2010. O cadro de clasificación constitúe un dos piares da xestión documental, que permite aplicar de forma uniforme políticas de conservación, seguridade e acceso aos documentos e polo tanto constitúe unha das ferramentas fundamentais de desenvolvemento da Administración electrónica.

# Galiciana-Arquivo Dixital de Galicia

É a plataforma que dá acceso a información sobre os documentos, dixitalizados ou non, que custodian 53 arquivos adscritos á Dirección Xeral de Políticas Culturais, administracións locais (concellos e deputacións), universidades e outros centros de ensino, e asociacións e fundacións de carácter privado. Todas son institucións da memoria que custodian fondos e coleccións de alto interese para a historia e cultura de Galicia entre os séculos IX e XX. Cumpre a función de darlle visibilidade a ese Patrimonio, darlle á cidadanía acceso libre e gratuíto aos contidos e preservar a memoria da nosa Comunidade Autónoma.




En desenvolvemento da súa función como centro coordinador, o Arquivo de Galicia en colaboración co Grupo de Traballo de Autoridades creado a estes efectos (do que forman parte tamén unha persoa en representación do Arquivo do Reino de Galicia e de cada un dos arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra) impulsou á normalización e corrección masiva de **61.930 puntos** de acceso co obxectivo de facilitar aos diferentes tipos de usuarios a localización da información.

# Impulso das dixitalizacións

Ademais, durante o ano 2019 déuselle un forte impulso aos proxectos de dixitalización. O Arquivo de Galicia, xunto ao Servizo do Sistema de Arquivos colaborou coa Amtega na xestión e coordinación de diversos proxectos cofinanciados con fondos europeos. O *proxecto Geoarpad: Patrimonio Cultural de la Eurorregión Galicia Norte de Portuga*l: Valorización e Innovación, parte do programa de cooperación transfronteiriza España-Portugal, tivo, entre outros obxectivos a potenciación da dixitalización e difusión conxunta do arquivo patrimonial da eurorrexión formada por Galicia e o norte de Portugal. O proxecto Memoria Dixital ten como obxectivo principal asegurar a preservación e facilitar a difusión do patrimonio cultural de Galicia. Froito destes proxectos e doutros financiados con fondos propios da Consellería de Cultura e Turismo no ano 2019 incorporáronse 961.827 imaxes correspondentes a 83.391 novos documentos, tanto de arquivos do sistema de arquivos da Xunta de Galicia como das seguintes institucións: Fundación Vicente Risco, Fundación Uxío Novoneyra, Fundación Rosalía de Castro, Fundación 10 de marzo, arquivos municipais de Avión, Betanzos, Muros, Ortigueira, Pol, Ribadeo, Ribeira, Vimianzo, Universidade de Santiago de Compostela e Museo do Pobo Galego.





# Exposicións

## 1. Mulleres sobranceiras. A memoria conservada: Un mar de mulleres

Fiel á súa tradición de sumarse á celebración do *Día Internacional da Muller*, no ano 2019 o Arquivo preparou unha nova edición da serie de exposicións *Mulleres sobranceiras*, este ano dedicada a resaltar o papel desenvolvido tradicionalmente polas mulleres nas tarefas relacionadas coa explotación dos recursos mariños e de forma especial co seu papel protagonista na industria conserveira, un sector sobresaínte da economía galega. A maior parte dos documentos seleccionados foron producidos pola factoría que a conserveira Massó S.A. tiña na localidade de Avilés, custodiados no Arquivo de Galicia. Pero a mostra incorporou tamén outros de procedencia pública, como os das consellerías de Presidencia e Mar, e de procedencia privada como os da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, a empresa Casa Mar de Vigo ou o fondo fotográfico de FOAT (Fotografía Aérea Terrestre S.A.). Foi inaugurada o día 6 de marzo e mantívose aberta durante todo o resto do ano 2019.











## 2. Patrimonio industrial: Memoria e Cultura

Un ano máis o Arquivo celebrou o *Día Internacional dos Arquivos*, un evento auspiciado desde o ano 2008 polo Consello Internacional de Arquivos para dar a coñecer o papel destas institucións na sociedade e que conmemora a creación deste organismo o día 9 de xuño de 1948, baixo os auspicios da UNESCO. Para esta exposición seleccionáronse 90 documentos dos que case o 40% eran expedientes de concesión de aproveitamento de augas que se custodian no Arquivo de Galicia como resultado das transferencias realizadas entre os anos 2014 e 2018 pola Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia. Xunto a eles utilizáronse outros procedentes doutras unidades da Xunta de Galicia e de fondos de carácter privado como o da Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela, o Banco Gallego ou o fondo da Familia Vilariño Pintos para articular un discurso expositivo en torno a auga como motor da Industria, a actividade extractiva, a industria do transporte e as comunicacións e a industria alimentaria. Foi inaugurada o 7 de xuño e mantívose aberta ata o día 31 de outubro.

Poden visitarse na sección de exposicións virtuais do Portal de Arquivos de Galicia.







# Xornadas de divulgación e de formación

### Os documentos catastrais como fonte de información. O Proxecto de dixitalización Geoarpad e a súa difusión a través de Galiciana. Arquivo Dixital.

Unha parte moi relevante do proxecto Geoarpad foi a dixitalización dos libros reais e persoais de leigos do Catastro do Marqués da Ensenada, custodiados no Arquivo do Reino de Galicia, no Arquivo Histórico Provincial de Lugo e no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, así como as fotografías aéreas e libretas de campo do catastro parcelario dos anos cincuenta que se custodian no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.



Para difundir o proxecto o día 11 de outubro, no Auditorio Xosé Neira Vilas do Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia, tivo lugar unha xornada coa participación de seis relatores  que resaltaron o valor da información contida nos documentos dos diferentes catastros realizados pola Administración ao longo da súa historia, tanto para a propia Administración como para a cidadanía en xeral, sen esquecer, por suposto, a relevancia que supoñen para abordar calquera tipo de investigación histórica, sexa no ámbito da toponimia, a xeografía ou as estruturas económicas e sociais.

### Presentación do Arquivo Dixital de Galicia no proxecto "Arquivo da Memoria do barrio de Vite"

Esta actividade foi un traballo colaborativo entre o Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT-CSIC) e a coordinadora do barrio de Vite realizada no mes de setembro, no marco do proxecto Geoarpad. Para pór en marcha este Arquivo da Memoria, os seus promotores reuniron, ordenaron e sintetizaron numerosos materiais, documentos e experiencias. O proxecto proponse promover actividades educativas e un espazo interxeracional para o barrio, intentando favorecer a participación da veciñanza e servir para a dinamización sociocomunitaria.



# Programa de visitas e xornadas de portas abertas

Como cada ano o Arquivo organizou unha semana de portas abertas, coincidindo coa celebración do Día Internacional dos Arquivos, para dar a coñecer tanto as instalacións do centro como os documentos que custodia e o traballo que nel se desenvolve.

Tamén realizou visitas guiadas ás exposicións e visitas dirixidas a colectivos específicos para dar a coñecer as actividades do centro.

# Organización  de cursos

## Organización  de cursos

O Arquivo de Galicia participou na realización do curso de **Dixitalización e preservación de documentos electrónicos**, organizado pola EGAP e celebrado do 7 ao 15 de febreiro (35 alumnos) e no **Curso Superior de Administración Electrónica**, celebrado do 24 de setembro ao 29 de outubro. A formación faise na modalidade telemática cunha sesión presencial para cada un dos módulos. O módulo impartido foi o correspondente ao **Arquivo electrónico e Documento electrónico**.

Con estes cursos pretendese contribuír ao coñecemento das funcións do arquivo por parte do persoal da organización no seu conxunto e á formación continua dos profesionais dos arquivos.



# 06

# Eventos Acollidos

En 2019, o Gaiás acolleu **418 eventos** que recibiron un total de **63.074 asistentes**, cuns ingresos de **107.875,99 €**, datos sempre en alza dende 2011.

No 2019, ademais da habitual entrega das Medallas de Galicia, podemos destacar o Desfile Despunte da EASD Mestre Mateo, a Feira Piteas do CAFI, ou os actos do Día Da Muller por parte da Secretaría Xeral de Igualdade, todos eles actos que se veñen organizando no complexo do Gaiás desde o ano 2011. Ademais, podemos salientar dos 304 eventos organizados dende a estrutura orgánica da Xunta de Galicia os actos relacionados co próximo Xacobeo 2021, o Congreso Mundial Educación EDUCA 2019, o Premio de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, os Premios AGADER da Consellería de Medio Rural, o 25 Aniversario del CSHG o Acto de Recoñecemento Q de Calidade ou os diversos eventos da Consellería de Sanidade.

En canto ao mundo empresarial, firmas como Grupo As Rías, Casa Schmidt, Gadisa, Renault, Viaqua, NEA F3 Ibérica, Salamander España, ou a Fundación Barrié presentaron proxectos na Cidade da Cultura, ao igual que entidades bancarias como Caixabank e Banco Sabadell, de telecomunicacións como Orange e Vodafone, e do eido da saúde e a industria farmacéutica, como Novartis ou Align Technology. Do mesmo xeito, tiveron tamén importante presenza eventos organizados por entidades sen ánimo de lucro como a Cruz Vermella, a Sociedade Galega de Oftalmoloxía ou a Sociedade Española de Oncoloxía Radioterápica, co peche do Congreso Nacional da SEOR XX.

O audiovisual quedou representado por presentacións de proxectos ou gravacións de Onda Cero, Adivina Producciones, TVG, RTVE, Vaca Films, Faro Producciones e Ficción Producciones.

O Gaiás tamén sumou presenza como espazo de lecer e deporte con competicións como a Cidade do Futsal, O Camiño Race, a carreira solidaria do 60 aniversario de Manos Unidas, a carreira solidaria Ponte en su piel en favor da Asociación Melanoma España, a VI Carreira Camiño das Letras ou o VIII Circuito CorreSan. Ruta dos Parques.





# Encontro informativo sobre a orde de axudas o Teu Xacobeo

**DATAS:** 12 de xaneiro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar -1
**ASISTENTES:** 800 persoas
**ORGANIZA:** Consellería de Cultura e Turismo

A Xunta de Galicia quixo implicar a toda a sociedade galega e as súas institucións na organización do próximo Xacobeo 2021, dándolle forma a un gran proxecto transversal e de país. Con este obxectivo, deseñouse un programa pioneiro –O Teu Xacobeo–, que busca propiciar a participación pública, a transparencia e a igualdade de oportunidades, para que todas as galegas e galegos poidan facer as súas achegas. Para afondar neste programa, a Consellería de Cultura e Turismo organizou un encontro informativo sobre a orde de axudas O Teu Xacobeo.






# Encontro para o impulso do Corredor Atlántico Noroeste

**DATAS:** 28 de xaneiro de 2019
**ESPAZO:** CINC. Salón de Convencións
**ASISTENTES:** 240 persoas
**ORGANIZA:** Consellería de Presidencia

Reunión de directivos e empresarios de Galicia, Asturias e Castela e León con representantes de entidades públicas e privadas. O acto contou tamén coa participación dos presidentes de goberno das tres comunidades autónomas.






# Xornada Galicia ante o Brexit. Perspectivas, retos e oportunidades para as empresas galegas

**DATAS:** 28 de xaneiro de 2019
**ESPAZO:** CINC. Salón de Convencións
**ASISTENTES:** 250 persoas
**ORGANIZA:** IGAPE




A xornada, organizada pola Xunta de Galicia en colaboración co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, contou coa participación de representantes do Ministerio, do ICEX España Exportación e Inversións, da embaixada do Reino Unido en España e da Comisión Europea.

O director de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo, moderou o segundo panel do evento sobre o estado actual das negociacións e a situación futura. Ao longo da xornada, que tivo como obxectivo axudar ás pemes galegas a afrontar a saída do Reino Unido da Unión Europea, debateuse sobre o estado actual das negociacións, así como das consecuencias da proposta de acordo transitorio en sectores estratéxicos e o seu impacto na economía galega.

# Día Internacional da Muller. Innovación, talento e futuro. Mulleres pedindo paso

**DATAS:** 07 de marzo de 2019
**ESPAZO:** CINC. Salón de Convencións
**ASISTENTES:** 250 persoas
**ORGANIZA:** Vicepresidencia: SX Igualdade

A Xunta conmemorou o Día Internacional da Muller co espírito de celebrar os pasos dados en materia de igualdade e de reivindicar o que queda por conseguir. Tras a intervención de Susana López Abella, que abriu o acto, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, resaltou o triunfo dos valores da igualdade reflectidos na normalidade, o esforzo e a loita constante de mulleres que romperon moitos teitos de cristal.



# Cidade do Futsal 2019

**DATAS:** 30 e 31 de marzo de 2019
**ESPAZO:** Sala Eisenman, Praza Central
**ASISTENTES:** 1.300 persoas
**ORGANIZA:** Santiago FUTSAL

O Santiago Futsal volveu contar coa colaboración de Viaqua para levar a cabo a gran festa do fútbol sala: A Cidade do Futsal. Un ano máis o torneo celebrouse na Cidade da Cultura, enmarcándose ademais na exitosa exposición **Valor e mestría. Galicia como fútbol**. A Cidade do Futsal ten como obxectivo promocionar o lecer e o fútbol sala ao aire libre nunha fin de semana na que os máis pequenos e as súas familias poden compartir os valores do deporte en Santiago de Compostela e gozar da gran oferta cultural da Cidade da Cultura.



O evento, que congregou a máis de 400 xogadores e xogadoras de categorías inferiores de fútbol sala de toda a xeografía galega, festéxase simultaneamente en tres pistas que se dispoñen nos exteriores do complexo, organizando ademais o club diferentes accións paralelas de lecer.



# Impacto de 20 años de liberalización das telecomunicacións en España 1998-2018

**DATAS:** 10 de abril de 2019
**ESPAZO:** Sala Eisenman
**ASISTENTES:** 100 persoas
**ORGANIZA:** Orande e AMTEGA

Orange repasou as súas dúas décadas de actividade en Galicia, nas que investiu 1.900 millóns de euros, segundo os datos ofrecidos pola compañía durante a presentación do informe 'Impacto de 20 anos de liberalización das telecomunicacións en España 1998-2018'. O acto, no que o operador reafirmou o seu compromiso con Galicia no impulso das redes 5 G, contou coa participación da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.



# FP Innova Galicia 2019

**DATAS:** do 8 ao 10 de maio de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás, Salón de Convencións CINC
**ASISTENTES:** 8.000 persoas
**ORGANIZA:** Consellería de Educación, Universidade e FP

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional organiza FP Innova Galicia 2019, Congreso de Innovación na Formación Profesional, que tivo lugar entre os días 8 e 10 de maio na Cidade da Cultura de Galicia. Trátase da cuarta edición dun evento que se constitúe como referente na difusión da innovación didáctica e tecnolóxica, da transferencia de coñecemento e da capacidade de emprender na que está inmersa a formación profesional galega.





# VI Carreira Camiño das Letras

**DATAS:** 17 de maio de 2019
**ESPAZO:** Praza Central, Zonas Verdes
**ASISTENTES:** 8.000 persoas
**ORGANIZA:** Xurdir




A VI edición da Carreira Camiño das Letras rendeulle tributo a Antonio Fraguas a través dunha actividade que conxuga deporte e cultura arredor do día Letras Galegas

A proba contou con dous circuítos: unha carreira de 15 km desde o Pico Sacro, seguindo o Camiño do Sueste - Vía da Prata, ata a Cidade da Cultura; e unha segunda carreira de 5 km con percorrido polo Gaiás e polo Bosque de Galicia. Tamén, como en todas as edicións, realizáronse carreiras infantís en diferentes categorías.

Todas as persoas participantes que finalizaron as probas recibiron como agasallo un libro e máis o diploma Camiño das Letras.

# Cerimonia gradución CDHG 2019. 25 Aniversario

**DATAS:** 25 de maio de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar -1 e hall de Tirantes
**ASISTENTES:** 600 persoas
**ORGANIZA:** Axencia de Turismo de Galicia

Os 60 alumnos de dirección hoteleira e 10 de Gastronomía do Centro Superior de Hostelería de Galicia graduáronse nun acto celebrado o venres 25 de maio no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia, coa participación do conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez e outros representantes do Goberno galego e da Universidade de Santiago Compostela (USC), ademais familiares, profesores e persoal do CSHG.

Trátase da V promoción de Diploma Superior de Xestión Hoteleira e a III de Gastronomía e Xestión en Cociña que rematan os seus estudos no CSHG.







# Gala do Fútbol Galego 2019

**DATAS:** 21 de xuño de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar -1
**ASISTENTES:** 600 persoas
**ORGANIZA:** Real Federación Galega de Fútbol

A Cidade da Cultura de Galicia foi o espazo escollido para albergar a gran Gala do Fútbol Galego o venres 21 de xuño. Organizado pola Real Federación Galega de Fútbol para poñer o broche de ouro á tempada 2018/2019, este evento global premia a todos os clubs destacados de Galicia e recoñece o traballo de toda a xente que desde a sombra achega o seu gran de area para engrandecer o fútbol da nosa terra. Ademais de lago Aspas, que recibiu a medalla de ouro ao mérito deportivo, tamén foron galardoados Maxi Gómez e Ían Salvador. Durante esta gala anual entregáronse tamén, como vén sendo habitual, os 'Premios Galicia en Goles' da Radio Galega.

No marco desta actividade, numerosos rapaces e rapazas de equipos galegos de categorías inferiores puideron visitar a mostra **Valor e Mestría**, grazas ás visitas didácticas organizadas polo Museo Centro Gaiás.





# Cociña + Conciencia

**DATAS:** 3 de xullo de 2019
**ESPAZO:** Xardín do teatro
**ASISTENTES:** 600 persoas
**ORGANIZA:** Axencia Turismo de Galicia

Cociña + Conciencia foi unha iniciativa sen precedentes que reuniu os máis importantes chefs nacionais e internacionais nun encontro para debater os aspectos fundamentais do presente e do futuro da gastronomía. Ao evento asistiron máis de 50 chefs invitados de recoñecido prestixio chegados de diferentes partes de mundo. Mostra do seu bo facer son as 40 Estrelas Michelin que suman entre todos eles. O cociñeiro galego Pepe Solla exerceu de comisario desta convocatoria, coordinada polo CSHG, e co respaldo de Andoni Luís Aduriz e Ángel León.

Ademais da xuntanza entre os cociñeiros, Cociña + Conciencia incluíu unha mostra de produtos da gastronomía galega coa participación de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, así como de diferentes colectivos e asociacións de cociñeiros que exerceron de anfitrións.





# Presentación plan estratéxico do Xacobeo 2021

**DATAS:** 17 de xullo de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar -1
**ASISTENTES:** 800 persoas
**ORGANIZA:** Consellería de Cultura e Turismo

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, presidiu a presentación do Plan estratéxico do Xacobeo 2021 ante membros da Igrexa, alcaldes dos máis de 120 concellos polos que transcorren os camiños, asociacións xacobeas e culturais e directivos turísticos.

O Plan estratéxico do Xacobeo 2021 incorpora un mínimo de 247 millóns de euros para os próximos anos, o que supón triplicar o esforzo orzamentario dedicado ao anterior Xacobeo, e conta con achegas de máis de 600 persoas, entidades, organizacións políticas e peregrinos. No acto, o presidente da Xunta chamou á implicación do conxunto da sociedade para que o Xacobeo 2021 faga crecer o Produto Interior Bruto de Galicia un 0,9% e cree 11.500 empregos a tempo completo nos próximos catro anos, desde hoxe ata 2022, o último exercicio que se verá influenciado directamente polo Ano Santo.



# Celebración do sorteo da Lotería Nacional

**DATAS:** 20 de xullo de 2019
**ESPAZO:** CINC, Salón de Convencións
**ASISTENTES:** 200 persoas
**ORGANIZA:** Consellería de Cultura e Turismo

Santiago, o Camiño e o Xacobeo 2021 foron os protagonistas do sorteo da Lotería Nacional que se celebrou na Cidade da Cultura e co que se rendeu homenaxe ao roteiro xacobeo cun boleto especial editado e distribuído en toda España e co que se promocionaban Compostela e o seu Camiño. Nel mostrábase unha imaxe tomada desde o Monte do Gozo coa escultura do monumento ao peregrino. No sorteo estiveron presentes a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, e o presidente da Sociedade Estatal de Loterías e Apostas do Estado, Jesús Huerta Almendro, ademais da directora xerente da Cidade da Cultura, Ana Isabel Vázquez.




# Medallas de Galicia 2019

**DATAS:** 24 de xullo de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar -1
**ASISTENTES:** 800 persoas
**ORGANIZA:** Consellería de Presidencia

Como cada ano desde 2011, o 24 de xullo o Museo Centro Gaiás acolleu o acto de entrega das Medallas de Galicia, a máxima distinción de honra que concede a Xunta a persoas ou institucións que polos seus méritos ao servizo de Galicia en calquera aspecto da súa realidade social, cultural ou económica, sexan dignas de obter o recoñecemento do pobo galego.






# Presentación motobombas do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais

**DATAS:** 31 de xullo de 2019
**ESPAZO:** Aparcamento 1
**ASISTENTES:** 40 persoas
**ORGANIZA:** Consellería Medio Rural

A Consellería do Medio Rural renovou este ano ata 22 motobombas do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais. Once destes vehículos foron entregados polo conselleiro do Medio Rural, José González, a distintos distritos forestais nun acto na Cidade da Cultura.






# Presentación de Nós contra a violencia

**DATAS:** 30 de xullo de 2019
**ESPAZO:** Parque do Lago
**ASISTENTES:** 40 persoas
**ORGANIZA:** Consellería de Cultura E Turismo




O conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, a secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, presentaron en rolda de prensa a nova campaña de dinamización lingüística 'Nós contra a violencia'.

Trátase dun programa que combina a dinamización lingüística coa sensibilización fronte á violencia de xénero. A campaña desenvolveuse no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e nela colaboraron, alén do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e mais a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.

# Recibimento a piragüistas galegos en competicións internacionais

**DATAS:** 3 de setembro de 2019
**ESPAZO:** Parque do Lago
**ASISTENTES:** 40 persoas
**ORGANIZA:** Consellería de Presidencia

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, acompañado polo secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, recibiu aos piragüistas galegos participantes en competicións internacionais.



# O Camiño Race

**DATAS:** 19 de outubro de 2019
**ESPAZO:** Parque do Lago, Parque da Balea, Prazas, Parkings, Xardín do teatro
**ASISTENTES:** 600 persoas
**ORGANIZA:** Fundación Cidade da Cultura

A competición O Camiño Race forma parte dun circuíto nacional, no que cada atleta pode escoller doce probas repartidas por toda España. A de Santiago aspira a converterse na mellor proba de Europa e albergar en 2021, coincidindo co Xacobeo, o Mundial desta modalidade deportiva.

Tratouse dunha carreira de obstáculos na que os atletas rexistrados percorreron un circuíto de oito quilómetros e superaron 34 obstáculos, ata chegar á meta. Incluíu proba para especialistas, con presenza de campións a nivel nacional e internacional, e proba popular, cos obstáculos adaptados para os atletas.







# IURISTICGAL 2019, IX Xornada Informática Xudicial e Delitos Informáticos

**DATAS:** 19 de outubro de 2019
**ESPAZO:** CINC. Auditorio 1, auditorio 2 e salón de Convencións
**ASISTENTES:** 170 persoas
**ORGANIZA:** CPETIG e AMTEGA




Nesta cuarta edición celebrada nos espazos do Gaiás, a ética e o respecto aos dereitos individuais foron o fío condutor do foro sobre “Intelixencia artificial e xustiza”, que centrou a temática de Iuristicgal19, unha xornada organizada polo Colexio de Enxeñaría Técnica Informática, CPETIG, e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, AMTEGA, á que asistiron profesionais da xustiza, secretarios xudiciais, avogados e peritos informáticos.

Destacouse que a Estratexia dixital 2030 busca posicionar a Galicia nas novas tendencias tecnolóxicas con maior potencial cara a próxima década.

# III Congreso Nacional de Formadores

**DATAS:** Do 25 ao 27 de novembro de 2019
**ESPAZO:** CINC. Auditorio 1 e 2, salón de Convencións.
**ASISTENTES:** 360 persoas
**ORGANIZA:** Trainers For The Future, AMTEGA

Na súa terceira edición, este Congreso Nacional avanzou na idea de estar concebido por e para a comunidade de formadores de España, no ámbito da formación para o emprego, formación continua ou lifelong learning.

Trátase do punto de encontro para formadores, no que poder coñecer as novidades do sector, onde crear novas relacións con outros formadores e entidades de formación, e a través do que augurar o futuro da formación e o papel dos seus profesionais no mesmo.





# Mocidade: Encontro Mostra Asociativa Xuvenil Galicia - Norte de Portugal

**DATAS:** Do 25 ao 27 de novembro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás, Andar -1. Espazos exteriores
**ASISTENTES:** 3600 persoas
**ORGANIZA:** P. Social- DX Xuventude, Participación e Voluntariado

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, coa colaboración dos socios do proxecto Lidera, organizou este evento, concibido como un espazo de formación, creatividade, emprendemento, cultura e lecer que permitise establecer sinerxías, compartir experiencias, proxectos e ideas, e impulsar á xuventude no seu desenvolvemento persoal e profesional. O encontro tiña como obxectivo promover e estimular a creatividade e o espírito emprendedor da mocidade galega e portuguesa a través dun espazo aberto á participación, ao tempo que fortalecer os lazos de cooperación transfronteiriza Galicia – Norte de Portugal, especialmente en temas que melloren a empregabilidade da xuventude. O encontro combinou zona expositiva, relatorios, obradoiros e concertos.











# GASTRONOSA_ AMICOGAL.
# 43 Aniversario Amigos Cociña Galega

**DATAS:** 28 de outubro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar -1
**ASISTENTES:** 700 persoas
**ORGANIZA:** AMICOGAL e Axencia de Turismo de Galicia

AMICOGAL é unha asociación gastronómica integrada por 33 restauradores que en 2019 celebrou a primeira edición de Gastro-Nosa. Previamente anunciado nunha rolda de prensa celebrada tamén no Gaiás o 22 de outubro, o encontro consistiu nunha xornada gastronómica que tivo como temática central a cociña tradicional con produto de proximidade. Música, casetas de produtos, showcookings e degustacións sucedéronse durante todo o día coa intención de reunir a hostaleiros e a produtores con público en xeral e trazar novos plans de futuro e novas oportunidades de negocio dentro deste sector.





# VIII Circuíto Corresan. Ruta dos Parques

**DATAS:** 30 de novembro de 2019
**ESPAZO:** Espazos Exteriores
**ASISTENTES:** 700 persoas
**ORGANIZA:** Federación de Atletismo

VIII edición do Circuíto de Carreiras Saudables CorreSan 2019, un programa de carreiras organizadas pola Federación Galega de Atletismo e patrocinadas polo Concello de Santiago de Compostela a través do seu departamento de deportes. Este circuíto entra dentro do labor de concienciación sobre os beneficios que a actividade física regular provoca na mellora da calidade de vida dos nosos cidadáns.

O circuíto CorreSan representa unha iniciativa para Compostela que traslada o deporte ata os barrios e zonas onde normalmente xa se practican diferentes deportes, en especial o atletismo ou popularmente coñecido "running".



# Incentivo de empresa

**DATAS:** 9 de novembro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar -1
**ASISTENTES:** 200 persoas
**ORGANIZA:** Patterson Travel

Cea de directivos empresariais da compañía Renault realizada coas máis avanzadas ferramentas tecnolóxicas en video mapping.





# Fam Trip Galicia MICE

**DATAS:** 12 de novembro de 2019
**ESPAZO:** Sala Eisenman
**ASISTENTES:** 80 persoas
**ORGANIZA:** Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Clúster Turismo de Galicia

Un encontro que serviu para facer unha presentación do proxecto Galicia MICE, posto en marcha en 2016, no que se se unen OPCs, hoteis e espazos para eventos para promover a Comunidade como destino ideal para este tipo de actividades. A marca Galicia MICE agrupa aos profesionais galegos do turismo de congresos, reunións e incentivos e conta co apoio do Clúster Turismo de Galicia.





# Presentación Estratexia Galega Cambio Climático e Enerxía 2050

**DATAS:** 12 de novembro de 2019
**ESPAZO:** Sala Eisenman
**ASISTENTES:** 80 persoas
**ORGANIZA:** Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Clúster Turismo de Galicia

Esta folla de ruta ten como obxectivo global lograr a neutralidade climática de Galicia antes do ano 2050, e, para iso, aposta pola implementación de enerxías renovables, o aproveitamento da absorción de CO2 por parte dos bosques galegos, e a mellora da eficiencia enerxética en todos os sectores.



# II Feira da Innovación

**DATAS:** 27 e 28 de novembro de 2019
**ESPAZO:** CINC. Salón de Convencións
**ASISTENTES:** 500 persoas
**ORGANIZA:** Universidade de Santiago de Compostela

A Universidade de Santiago de Compostela organizou na Cidade da Cultura a II edición da súa Feira de Innovación, os días 27 e 28 de novembro. O evento serviu para achegar á cidadanía a oferta formativa, investigadora e de transferencia de coñecemento da universidade compostelá así como a súa aposta por difundir a cultura emprendedora entre os estudantes universitarios. Entre as actividades que se ofertaron aos visitantes ao longo dos dous días atopábase un espazo de atención ao estudantado para a resolución de dúbidas e ampliación de información relacionada coas titulacións da USC e a súa oferta de servizos; exhibicións e demostracións de carácter interactivo para achegar aos visitantes exemplos dos proxectos de investigación nos que a USC está a traballar; información e demostracións de toda a oferta deportiva e cultural dispoñible para o estudantado; exposición de contidos vencellados a proxectos de Aprendizaxe-Servizo relacionados coa innovación educativa e a responsabilidade social e difusión das accións de voluntariado que a USC ten en marcha; e unha exposición do amplo inventario de publicacións da Editorial máis antiga de Galicia.




# DESPUNTE’19. Desfile Mestre Mateo

**DATAS:** 28 de novembro de 2019
**ESPAZO:** Museo Centro Gaiás. Andar -1
**ASISTENTES:** 850 persoas
**ORGANIZA:** EASD Mestre Mateo

